

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 29 DE MAIO DE 2008. NÚM. 6 /2008.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE :

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

CONCELLEIROS:

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO. (P.P.)
D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN. (P.P.)
D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. (P.P.)
D^a. M^a. FÉ CORTIZO MATO. (P.P.)
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ. (P.P.)
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (P.P.)
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (P.P.)
D. NICOLÁS VARELA GARCÍA. (P.P.)
D. JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ GONZÁLEZ. (P.P.)
D^a. NURIA RODRÍGUEZ CARRAL (P.P.)
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (P.P.)
D. JOSÉ MANUEL BREA BLANCO. (P.P.)
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER. (PSdeG- PSOE)
D. MANUEL MIGUÉLEZ MONTOTO. (PSdeG- PSOE)
D^a. MARTA LÁZARA FONTAO. (PSdeG-PSOE)
D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN. (PSdeG-PSOE)
D^a. BEATRIZ GARCÍA IGLESIAS. (PSdeG-PSOE)
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG)
D^a. SUSANA RODRÍGUEZ CAMBÓN. (BNG)
D^a. GUADALUPE NÓVOA CARBALLUDE. (BNG)

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

ÍNDICE

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.....	páx. 3
2.- Decretos da Alcaldía: dación de conta.....	páx. 3
3.- Expediente de modificación de crédito núm. 4-P/2008.....	páx. 7
4.- Solicitud de anticipo á Deputación Provincial de Pontevedra.....	páx. 8
5.- Expediente de modificación de estatutos da Mancomunidade.....	páx. 10
6.- Mocións do P.P.	
6.1.-Moción do P.P. sobre a autovía Pontevedra-Lugo.....	páx.11
6.2.-Moción do grupo de goberno para a creación dunha unidade básica de hospitalización a domicilio en Lalín.....	páx. 16
6.3.- Moción do grupo de goberno para a revitalización da estación de Botos.....	páx. 20
7.- Mocións do PSdeG-PSOE	
7.1.- Moción do PSdeG-PSOE solicitando medidas relacionadas coa seguridade viaria no treito do SG-V5 comprendido entre a rotonda do Rodo e a de García Sánchez.....	páx.23
7.2.- Moción do PSdeG-PSOE solicitando a aprobación dunha ordenanza municipal de circulación e transporte.....	páx.26
7.3.- Moción do PSdeG-PSOE solicitando que se dote aos lugares da parroquia de Soutolongo da rede de saneamento.....	páx.28
8.- Mocións do B.N.G.	
8.1.- Moción do B.N.G. solicitando a reforma integral da Praza de Europa.....	páx.30
8.2.-Moción do B.N.G. solicitando o acondicionamento integral da estación de autobuses.....	páx.31
8.3.- Moción do B.N.G. relativa á reposición do subministro do sinal de televisión dixital.....	páx.32
9.- Proposicións por urxencia.	
9.1.- Proposición por carácter de urxencia do grupo de goberno do P.P. relativo ao convenio de cooperación entre o Concello e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar para a xestión da escola infantil do Parque Empresarial Lalín 2000.....	páx.35
9.2.-Proposición con carácter de urxencia do grupo de goberno relativa ao pacto polo emprego.....	páx.36
10.- Rogos e preguntas.....	páx.39

Sendo as dez horas do día 29 de maio de 2008, xoves, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora. Actúa como Secretario Xeral D. César López Arribas.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose a súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Deuse conta pola Presidencia da acta da sesión ordinaria de 24 de abril de 2008. De seguido o Sr. Presidente preguntou aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

O Sr. Secretario indicou que no acordo do punto 6 do antedito borrador o nome da rúa as Nogueiras, quedou por Das Nogueiras, dacordo coas conversas mantidas co INE.

Salientou D^a. Marta Lázara Fontao que nas páxinas:

- Na páxina 19: - na palabra contestación falta unha s, quedando entón..... "*contestacións*".
 - debía suprimirse a frase: Protección e tranquilidade de Lalín.
- Na páxina 20: - na primeira intervención de D^a. Marta Lázara Fontao queda.... que se "*leven*" a cabo máis campañas...
 - na segunda intervención non era na rúa Ramón Aller, substitúese por "*no Instituto Ramón Aller*".
 - na última liña: coas declaracións, substitúese por "*as declaracións*"
- Na páxina 21: - debían suprimirse as verbas: ...seguía pensando en que salga e que...
- Na páxina 28: - votación. *Dezasete (16)* , debe constar: *dezasete (17)*.
- Na páxina 29: - intervención D^a. Marta Lázara Fontao....dez dos alumnos...Debe figurar "*tres dos alumnos*"...
- na páxina 37: - á palabra *conello*, faltáballe unha c, e debía quedar como Concello.
 - na intervención do 3º rogo, *despois de falar o Sr. Alcalde*, cando empezaba por in situ o estado das rúas ... debía substituírse das rúas por...da rúa onde está a miña casa....

Con estas rectificacións, por **UNANIMIDADE** dos asistentes aprobouse a acta da sesión ordinaria do día 24 de abril de 2008, ordenándose a súa transcripción ó Libro e Actas.

2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano:

1.- Decreto da Alcaldía de 31 de marzo de 2008, polo que se acorda nomear a D^a. José Iglesias Rodríguez, Asesor da Alcaldía para temas Agrarios e Gandeiros, en calidade de persoal eventual.

2.- Decreto da Alcaldía de 7 de abril de 2008, polo que se solicita á Excm. Deputación de Pontevedra unha subvención para o desenvolvemento da feira do Libro de Lalín ao abeiro do PAM/2008, avogar a competencia que ostenta a Xunta de Goberno Local e notificarlle o acordo ao órgano delegado e á Intervención Municipal.

3.- Decreto da Alcaldía de 25 de abril de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Victor Blanco Taboada por gastos de mantención na realización de comisións de servizo, polos importes de **18,70 € e 18,70 €**

4.- Decreto da Alcaldía de 26 de abril de 2008, polo que se acorda delegar no Primeiro Tenente de Alcalde, D. Camilo González Bodaño, o cargo de Alcalde-Presidente do Concello de Lalín, dende o día 28 de abril ata o regreso D. Xosé Crespo Iglesias.

5.- Decreto da Alcaldía de 28 de abril de 2008, polo que se ordena a incoación do expediente 1/2008, de reposición voluntaria e derivación da acción administrativa da débeda en quen corresponda, referente a cotas de urbanización do Plan Parcial SUE-1 Regueiriño Sur existentes a nome de D. Antonio Santiso Granja.

6.- Decreto da Alcaldía de 29 de abril de 2008, polo que se aproba a factura nº D203807 a nome da **XUNTA DE GALICIA DOGA** en concepto de anuncio DOGA estudo Detalle AR-23, por importe de **275,86 €**

7.- Decreto da Alcaldía de 5 de maio de 2008, polo que se aproba a transferencia de crédito do grupo de función 4 por importe de **60.000,00 €**

8.- Decreto da Alcaldía de 5 de maio de 2008, pola que se aproba a factura número 7371080042637 a nome de DE LAGE INT. en concepto de renting fotocopiadoras oficinas municipais de maio, por importe de **648,09 €**

9.- Decreto da Alcaldía de 6 de maio de 2008, polo que se aproba o expediente de modificación de créditos número 12-G/2008, modalidade “xeración de crédito”, por importe de **19.300,00 €**

10.- Decreto da Alcaldía de 9 de maio de 2008, polo que se aproba a conta xustificativa núm. 1, correspondente ó anticipo de caixa fixa código 1/-C 2008, por importe de **2.782,90 €**

11.- Decreto da Alcaldía de 9 de maio de 2008, polo que se aproba a factura número 28/00001030 a nome de **G.GASÓLEOS DEZA**. en concepto de combustible calefacción centro formación ocupacional, por importe de **784,00 €**

12.- Decreto da Alcaldía de 12 de maio de 2008 polo que se recoñece a obriga de **140,15€** a AUTOPISTA CENTRAL GALLEGA, C.E.S.A. (ACEGA) e **4,20 €** para AUTOPISTAS DEL ATLÁNTICO (AUDASA) correspondente ao recibo do OBE polo telepeaxe do período de abril de 2008.

13.- Decreto da Alcaldía de 13 de maio de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custe e indemnizacións a percibir por D^a. M^a. Paz Pérez Asorey por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, polos importes de **53,34 € e 269,04 €** respectivamente.

14.- Decreto da Alcaldía de 13 de maio de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custe e indemnizacións a percibir por D. Francisco Guerra García por gastos de manutención na realización de comisións de servizo, por importe de **37,40 €**

15.- Decreto da Alcaldía de 13 de maio de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custe e indemnización a percibir por D^a. M^a. Dolores García Fernández por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **14,10 €, 14,10 €, 20,90 € e 20,90 €**

16.- Decreto da Alcaldía de 13 de maio de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Antonio Bernárdez Nogueira por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, polos importes de **37,40 € e 60,80 €** respectivamente.

17.- Decreto da Alcaldía de 13 de maio de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Jorge García Fernández por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, polos importes de **37,40 € e 60,80 €** respectivamente.

18.- Decreto da Alcaldía de 13 de maio de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Nicolás Varela García por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **26,67 €, 26,67 €, 30,40 € e 38,00 €**

19.- Decreto da Alcaldía de 13 de maio de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D^a. M^a. Carmen Meijome Álvarez por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, polo importe de **17,10 €**

20.- Decreto da Alcaldía de 13 de maio de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D^a. Nuria Rodríguez Carral por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, polos importes de **111,18 € e 52,50 €** respectivamente.

21.- Decreto da Alcaldía de 13 de maio de 2008, polo que se aproba a factura número 28/0000764 a nome de **GRUPO G. DEZA, S.L.** en concepto de combustible calefacción do pavillón municipal, marzo, por importe de **790,00 €**

22.- Decreto da Alcaldía de 14 de maio de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D^a. María Brea Mella por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, por importe **56,10 € e 75,24 €** respectivamente.

23.- Decreto da Alcaldía de 14 de maio de 2008, pola que se aproba o expediente de modificación de créditos número 14-G/2008, modalidade “xeración de crédito” por importe de **2.539,01 €**

24.- Decreto da Alcaldía de 15 de maio de 2008, polo que dáse conta da proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Escolas Infantís, Igualdade, Emigración e Muller, D^a. M^a. Paz Pérez Asorey, en virtude da cal comunica ao Pleno que se está a solicitar unha subvención para á prestación de servizos sociais polas Corporacións Locais ao abeiro da Orde de 18 de marzo de 2008. Achégase cadro resumo da devandita solicitude.

25.- Decreto da Alcaldía de 19 de maio de 2008, polo que se acorda recoñece-la obriga derivada do vencemento da anualidade de amortización, correspondente ó presente exercicio económico, por importe de **8.402,20 €** do anticipo concedido pola Caixa de Anticipos de Cooperación Provincial con destino ó financiamento de investimentos a realizar no exercicio 2005.

26.- Decreto da Alcaldía de 19 de maio de 2008 polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnización a percibir por D. José Antonio González Sixto por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **20,90 €**

27.- Decreto da Alcaldía de 19 de maio de 2008, pola que se aproba liquidación por gastos de teléfono de servizos municipais, por importe de **5.099,01 €**

28.- Decreto da Alcaldía de 19 de maio de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas e indemnizacións a percibir por D. Carlos Presas Dobarro por gastos de locomoción, por importe de **22,80 €**

29.- Decreto da Alcaldía de 19 de maio de 2008, polo que se aproba o gasto de indemnización a percibir por D^a. Elena Urrestarazu Ucin por gastos de manutención e locomoción na realización de tarefas de colaboración, por importe de **44,89 €**

30.- Decreto da Alcaldía de 19 de maio de 2008, polo que se aproba a factura nº 0030308894 a nome de **REPSOL BUTANO S.A.** en concepto de combustible das piscinas municipais, por importe de **5.982,27 €**

31.- Decreto da Alcaldía de 20 de maio de 2008, polo que se aproba o gasto de indemnización a percibir por D. Manuel Fernández López por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **26,67 € e 30,40 €** respectivamente.

32.- Decreto da Alcaldía de 20 de maio de 2008, polo que se aproba o gasto de indemnización a percibir por D^a. Teresa Rocha Blanco por gastos de locomoción na realización de comisión de servizo, por importe de **19,00 €**

33.- Decreto da Alcaldía de 20 de maio de 2008, polo que se aproba a factura número “Varias” a nome de **G. GASÓLEOS DEZA** en concepto de combustible do campo de fútbol, por importe de **1.796,25 €**

34.- Decreto da Alcaldía de 22 de maio de 2008, pola que se aproba a factura número 28/0001123 a nome de **G. GASÓLEOS DEZA** en concepto de combustible de obras, por importe de **771,54 €**

35.- Expediente de **solicitude** de subvencións formulada por este Concello de Lalin á Consellería competente para a prestación dos **Servizos Sociais** polas Corporacións Locais, ó abeiro da Orde do 18 de marzo de 2088 da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, cun total de vinteoito programas cunha achega municipal de 942,098, cun total de 1.707.556,84 e cunha petición de subvención e 765.458,84.

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM. 4-P/2008.-

A Presidencia deu conta deste expediente que conta co ditame favorable da Comisión Informativa de Economía e Patrimonio do día 26 de maio de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Na explicación do expediente o edil delegado de facenda **D. Manuel Gómez Estévez** deu as aclaracións oportunas e un resume das cifras e dos fins que figuraban na proposta.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** adiantou que votaría a favor deste expediente, porque estaban de acordo coa finalidade do mesmo. Non obstante quixo deixar claro que o seu grupo botaba en falta a execución dun plan integral de saneamento para todo o rural de Lalín, algo que viñan reclamando desde hai tempo.

O voceiro nacionalista **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** tamén amosou a súa disposición favorable a apoiar este expediente.

Sometida a proposta que figura no expediente a votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada, **APROBOUSE** a mesma por **UNANIMIDADE** dos asistentes, sendo trece (13) votos dos concelleiros do PP, cinco (5) concelleiros do PSdeG-PSOE e tres (3) edís do BNG.

Xa que logo, **ACORDOUSE:**

Primeiro.- Aproba-la modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario, de acordo co seguinte detalle:

<u>PARTIDA</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
433.623.13	Alumbrado Público: Goiás, Paseo Pontiñas, PPC/2008	17.850,00
512.601.54	Recursos hidráulicos. Depuradora en Barcia e Catasós, PPC/2008	28.350,00

451.622.43	Promoción e difusión da cultura Construción local social Goiás, PPC/08	18.623,19
TOTAL ALTAS		64.823,19 €

2.- Medios ou recursos que van financia-lo crédito extraordinario:

Novos ingresos derivados dun anticipo a solicitar da Caixa de Anticipos de Cooperación da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, imputable ó concepto 916.07: (préstamos recibidos a longo prazo de Entidades locais, Plans Provinciais 2008) na contía de 64.823,19 €

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e o recurso que vai a ser utilizado para o seu financiamento, de xeito concreto o produto dunha operación crediticia, consérvase o equilibrio orzamentario, de conformidade co artigo 16.2 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó publico polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

4.- SOLICITUDE DE ANTICIPO Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.-

A Presidencia deu conta deste expediente que conta co ditame favorable da Comisión Informativa de Economía e Patrimonio do día 26 de maio de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Na defensa do expediente o edil delegado de facenda **D. Manuel Gómez Estévez**, con poucas verbas, explicou o que se buscaba, e as vantaxes de ter un anticipo do organismo provincial, que excluía o pagamento de xuros, fronte a un banco ou entidade privada que si os cobraba.

Co mesmo parecer pronunciouse o Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, adiantando que o organismo provincial estaba a estudar establecer unha serie de prioridades á hora de conceder os anticipos que os concellos da provincia solicitaban, porque loxicamente non había diñeiro para todos, e por isto había que seleccionar uns fronte a outros.

Os voceiros dos grupos socialista **D. Manuel María González Aller** e nacionalista **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** tamén amosaron a súa postura favorable a este expediente.

Sometida a proposta que figura no expediente a votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada, **APROBOUSE a mesma** por **UNANIMIDADE** dos asistentes, sendo trece (13) votos dos concelleiros do PP, cinco (5) dos concelleiros do PSdeG-PSOE e tres (3) dos edís do BNG.

Xa que logo, ACORDOUSE:

Primeiro.- Ratificar a solicitude á Caixa de Anticipos de Cooperación Provincial ós servizos municipais da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra dun anticipo baixo as seguintes condicións:

- a) Destino do anticipo: financiamento da achega municipal ós seguintes investimentos para o exercicio en curso:

<u>Proxecto/Obra</u>	<u>Achega municipal €</u>
- Alumbrado Público: Goiás, Paseo Pontiñas, PPC/2008	17.850,00
- Depuradora en Barcia e Catasós, PPC/2008	28.350,00
- Construción Local Social en Goiás, PPC/2008	18.623,19
TOTAL	64.823,19 €

- b) Condicións reitoras da operación:

Importe: 64.823,19 €.

Amortización do principal: dez anualidades constantes, devengándose a primeira no 2009.

Tipo de Interese: sen interese.

Gastos de administración: 2% do principal do préstamo a aboar con carácter previo á súa concesión.

Segundo.- De acordo coas bases do estatuto que rexe o procedemento para a solicitude de préstamos á Caixa de Anticipos de Cooperación da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, o Concello de Lalín comprométese a:

- Consignar nos seus presupostos ordinarios, ata a total extinción do anticipo, cantidade bastante para responder do pago da cota anual de amortización e intereses correspondentes.

- O Concello faculta expresamente á Caixa de Anticipos e á Deputación Provincial a reter e compensa-las débedas do Concello coa Caixa de Anticipos, con calquera cantidade que o Concello deba percibir da Deputación ou de calquera dos seus Organismos Autónomos por calquera concepto, xa se trate de subvención ou transferencia corrente ou de capital.

- Comunicar o acordo, para o seu coñecemento, á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Terceiro: Facultar ao Presidente da Corporación para subscribir os documentos que se precisen e levar a cabo tódolos trámites necesarios para a efectividade deste acordo.

5.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE TERRAS DE DEZA.-

A Presidencia deu conta deste expediente presentado no Concello de Lalín con data do 05/05/08 e nº de entrada 2453, que conta co ditame favorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais e Seguridade Cidadá do día 26 de maio de 2008, que leu o Sr. Secretario.

O Sr. Secretario por indicación do Sr. Presidente explicou do que se trataba. Este funcionario resumiu as modificacións dos Estatutos, indicando que se quería que houbera titulares e suplentes neste organismo e que os Alcaldes sempre foran membros do mesmo, dado que nos Estatutos ata agora vixentes constaba isto, pero logo pola aplicación do sistema do cálculo do cinco por cento podían quedar fora.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** adiantou que apoiarían a proposta e que coidaban que con esta modificación non se quería favorecer a ninguén, senón eliminar esa contradición que existía nos estatutos actuais.

Desde o grupo nacionalista **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** indicou que eles non entendían este tema como unha cuestión técnica, senón eminentemente política. Facíalle graza que o P.P. defendera esta proposta que permitiu que un Alcalde, en concreto o de Rodeiro, estea sentado como membro de dito organismo. O BNG estivo en contra dos estatutos antes e agora tamén. Reiterou que estaba sorprendido pola postura do P.P. para manter a correlación de forzas e volveu reiterar que permitía que o Alcalde de Rodeiro estivera alí.

Consideraban que a Mancomunidade estaba morta desde o seu inicio e con ela perdíase o tempo, porque carecía de capacidade para facer algo.

Indicou que ninguén dixo nada cando o BNG se quedou no anterior mandato sen representación no municipio de Dozón; agora se estaba no tema cando xurdiu o tema de Rodeiro. En fin, salientabou que se trataba de xogar cos Estatutos segundo conviña ós intereses de cada partido, nunha entidade como era a Mancomunidade que xa estaba morta.

Finalmente o Sr. Alcalde-Presidente **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que el tamén estaba sorprendido de que o P.P. apoiara isto. Non obstante indicou que os estatutos aprobados eran estandar como o eran o noventa por cento dos que existían e non contemplaba todos os supostos problemas, por exemplo este caso de que sexa Alcalde un edil dun grupo que non teña representación. De todos os xeitos quixo deixar claro que con este voto eles non crían facer favor a ninguén e consideraban lóxico que os Alcaldes estiveran representados na Mancomunidade na que formen parte os seus Concellos.

Sometida a proposta que figura no expediente a votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada, **aprobose por máis votos ca MAIORÍA ABSOLUTA** do número legal de membros da Corporación (once membros) co seguinte resultado:

Votos a favor: dezaioito (18) sendo trece do P.P e cinco do PSdeG-PSOE.

Votos en contra: tres (3) do BNG.

Abstencións: ningunha.

En consecuencia **ACORDOUSE:**

Se está a tramitar un expediente de modificación dos Estatutos da Mancomunidade de Terras de Deza, e que a fase seguinte é a aprobación por maioría absoluta, aprobación definitiva de cada Concello de ditos Estatutos, segundo o artigo 143.1.c) da lei de Administración Local de Galicia.

Previamente constan os informes favorables da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial de Pontevedra. Figura tamén o acordo adoptado en sesión do Pleno da Mancomunidade d0 5 de decembro de 2007 de aprobación inicial.

Finalmente como trámite final remitírase á Xunta de Galicia para a súa publicación.

Xa que logo, o Concello Pleno **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o expediente de Modificación dos Estatutos da Mancomunidade de Terras de Deza (Pontevedra), quedando do seguinte xeito:

1.- Art. 9 dos vixentes Estatutos: engadirase un novo parágrafo co seguinte texto:

Os representantes dos Concellos designados por cada Pleno poderán incluír tanto vogais titulares como suplentes.

2.- Art. 9 dos vixentes Estatutos: engadirase unha Base 5ª co seguinte texto:

Cando por aplicación das regras de distribución das Bases anteriores houberse algunha candidatura que non alcanzase o 5% dos votos válidos a nivel comarcal, pero algún dos seus membros ostentase a Alcaldía dalgún Concello da comarca, o último escano que corresponda a ese Concello atribuírase ao Alcalde-Presidente elixido en dito Concello. Esta mesma norma aplicarase no caso de que o Alcalde elixido sexa dunha candidatura que, malia ter alcanzado o 5%, non lle correspondera representación en dito Concello.

3.- *As referencias que se realizan nos artigos 8,12,13,14,16,18 e 22 dos Estatutos á Comisión de Goberno substitúense pola expresión “Xunta de Goberno”.*

SEGUNDO.- Continuar coa tramitación que corresponde segundo a normativa vixente.

6.- MOCIÓN DO P.P.

6.1.- MOCIÓN DO P.P SOBRE A AUTOVIA PONTEVEDRA-LUGO.-

Deuse conta pola Presidencia de dita proposta do Sr. Alcalde-Presidente de data 22-5-2008 e nº de rexistro 2830 de apoio á moción da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra relativa á construción dunha autovía entre Pontevedra e Lugo e do escrito da Deputación de Pontevedra de data 12-5-2008 con entrada 19-5-2008 e nº rexistro 2754 remitido a estes efectos. De seguido o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas e Servizos Comunitarios de data 26 de maio de 2008.

Neste punto abandonou definitivamente a sesión D. Francisco Pérez Donsión, quedando con catro edís o PSdeG-PSOE, trece o P.P. e tres o BNG e cun total de vinte asistentes.

Na rolda de voceiros o Sr. Alcalde-Presidente **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que era esta unha proposta súa que presentou na Deputación Provincial de Pontevedra organismo que adoptou o acordo co apoio dos tres grupos políticos con representación na mesma. Tratábase de construír o eixo Tui-Vegadeo, de abrir unha vía transversal que faltaba e que necesita Galicia e que uniría entre outras cidades Lugo con Vigo e pasando por Pontevedra. Había que ter en conta que a autovía Vigo-Pontevedra xa estaba en marcha e con esta obra tentábase rematar o actual mapa de comunicacións.

Pedíase que pasara por Cerdedo, Forcarei, Lalín, Agolada e logo alí ou ben ir cara a Melide para enlazar coa estrada Santiago-Lugo, ou ben ir cara a Antas de Ulla para enlazar en Guntín con dirección Vegadeo que sería o punto de destino. Reiterou que este asunto estaba consensuado entre os tres grupos políticos provinciais. Lembrou que hai tempo se acordou neste Concello algo parecido; que o Alcalde de Lugo contestou negativamente; pero o de Pontevedra apoiou a iniciativa.

Buscábase unir a comarca de Deza coa capital Pontevedra, pasando por Cerdedo ou por outro sitio, pero coidaba que por Cerdedo era o trazado máis recto. Salientou que con esta petición pretendíase “ir collendo a vez”, para que dentro duns anos lle toque a Lalín contar con esta autovía.

Hoxe tal e como estaban as cousas podíamos ir sen peaxe a Ourense e só faltaba por acometer o tramo de Lalín-Chantada. Pidiu que constase en acta que tamén quería que Lalín contase cunha autovía que a comunicase con Monforte e co Bierzo.

Agora xa estaba practicamente feita a autovía Santiago-Ourense; faltaba a de Pontevedra-Lugo. Queríase coller vez para acabar de construír o X coas liñas que se cruzarían en Lalín; por iso Lalín é o quilómetro cero. Reiterou que con esta petición, quería coller vez entre todas peticións que se formulen. Por isto, o acordo que se adopte hoxe, por este feito, era xa un triunfo importante.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** salientou que xa era coñecida a postura do grupo socialista sobre este tema, antes e agora. Indicou que a obra en debate había que vela desde un sentido lóxico e tendo en contas as necesidades. A construción desta autovía ocasionaría efectos prexudiciais ao medio ambiente nos lugares sensibles na Serra do Candán e “acabaría” coa parroquia de Botos, xa afectada polas obras do TAV e pola autoestrada AP-53. Entendía que non era imprescindible agora, neste momento dita obra. En canto ao análise de Lalín e as súas vías de comunicación salientou que agora mesmo estaba bastante ben comunicada. Cara o resto de España e á meseta podía viaxarse a través da AG-53; tamén cara Vigo e cara Santiago se contaba con boas vías. Faltaba por acometer o tramo de Lalín-Chantada, que permitira completar o destino ata Monforte e ata o Bierzo. Finalmente estaba en estudo unha nova vía dende Ourense a Pontevedra.

Pensaban que Lalín-Chantada sería unha comunicación importante e aquí había que poñer empeño en conseguila.

Postos a pedir, afirmou, “tamén facía falta acometer o arranxo da N-525, introducindo carrís para vehículos lentos”. A N-525 tiña xa aprobada a variante de Chapa que estaba en obras; estaba en obras ou en vías de estudo a autovía de Pontevedra-Vilagarcía.

Tamén había que facer as variantes, na N-525, nos núcleos de Prado e Silleda. Cando estea rematada a estrada entre Caldas-A Estrada e Silleda, estaremos desde Lalín a 45 minutos de Vilagarcía, unha vila que sempre foi o porto natural de Lalín.

A Serra do Candán non soportaba polo de agora moito tráfico rodado, non estaba precisamente saturada e os únicos atrancos que podían existir eran no tramo de Folgoso-Pontevedra.

En resumo non apoiarían agora a moción, porque, valorando as necesidades e a situación actual de Lalín en materia de comunicacións, consideraban que dita autovía non era prioritaria.

Por parte do grupo nacionalista, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** tras salientar que con tantas obras públicas *“a este paso imos quedar sen país”*, sinalou que os GPS tolearían con tantas vías.

Para o seu grupo o fundamental era que Lalín estivera ben comunicada coa súa capital, Pontevedra. Coidaba que en todo o panorama político existente non debía haber outra cidade e zona tan mal comunicada co resto da provincia, coma sucedía co Deza. Esta autovía non sería a panacea para solucionar os problemas que había; pero dicir que a mesma tería un impacto negativo na Serra do Candán tampouco era un argumento válido para rexeitala. O certo era que esta autovía, de construírse, ocasionaría un menor impacto en dita serra que no caso de construírse outra vía nova. A obra en parte xa estaba feita.

En canto ao arranxo da N-525 xa comentado, lembrou que o mesmo seguía sen facerse; coma sempre se anunciaba un orzamento espectacular, pero ocorría que en realidade, non se gastaba un peso. Nesta vía non había espazo material para construír carrís para vehículos lentos nalgúns lugares, salvo expropiando as casas afectadas.

Doutra banda representaba unha verdadeira sangría para os nosos veciños ir a Santiago pola AP-53. Estes tamén tiñan que acudir con frecuencia a Pontevedra, porque era necesario xa que se dependía para moitas cousas da capital.

Finalizou afirmando que o seu grupo estaba dacordo coa proposta e apoiaríana, porque para eles era unha prioridade estar ben conectados coa capital da provincia, e isto concordaba coa idea do seu grupo.

Na segunda rolda de intervencións, **D. Xosé Crespo Iglesias** amosouse en certo modo sorprendido pola postura socialista, xa que coidaba que o que debía soste aquí o PSOE era o mesmo que dicía no organismo provincial, ó igual que facía o BNG. Por iso non entendía a intervención do *Sr. González Aller*, que foi segundo el, *“patética”*.

Lembrou que dende hai tempo os viaxeiros de Lugo que ían antes a Marín e ao Morrazo pasaban por Lalín. Agora acuden pero menos, porque contan cunha autovía á Coruña e poden ir a Sada ou á Coruña. Coas novas vías de comunicación produciuse un cambio de mentalidade e de hábitos na poboación en xeral, e tamén desta zona de Lalín que non viaxaban tanto a Lugo como o facían antes.

Había un fluxo coas xentes da península do Morrazo que había que manter.

O tráfico actual na Serra do Candán, reducido, era unha anécdota. Coa autovía a Pontevedra, habería mais tráfico, máis velocidade e *“ó mellor estabamos en vinte e seis minutos na capital”*, dixo.

O impacto na Serra do Candán sería mínimo porque xa ten dous carrís abertos e pasarían a ser catro. En todo caso, os efectos e as consecuencias medioambientais serían menores que os producidos ao abrir unha nova vía.

En resumo, os beneficios eran moitos máis que as desvantaxes. En todas as obras había que conseguir un grao de equilibrio e de sostibilidade entre as obras e o medio, algo que era un reto. Era certo que dita vía soportaba pouco tráfico, pero había que pensar no que sucedería de contar xa coa autovía. Neste caso seguramente a xente que ía a Asturias ou viña desde Portugal a Europa e que agora rodeaba pola AP-9, iría en vía recta e pasaría por Lalín.

Estaba sorprendido de que os socialistas aprobaron a moción na Deputación Provincial e aquí a rexeitaran. Reiterou que era realmente “patética” a postura do PSOE local, a pesar de que esta idea proporcionaría máis beneficios que posibles prexuízos para Lalín.

Tamén habería que acometer un terceiro carril na AP-9 e seguramente isto terá un impacto ambiental negativo no entorno. Agora se trataba de facer o “X”, unha vía que faltaba: a diagonal desde Tui a Vegadeo.

Lalín dependía aínda nalgún aspecto do Bispado de Lugo e posuía un atractivo suficiente para atraer á xente; por exemplo cando é o Cocido, a xente de Lugo e de Marín ven aquí e viría máis de contar coa autovía.

Tampouco entendía que os do PSOE local de Cerdedo, de Cotobade ou os da Deputación Provincial votaran a favor alí e nos seus respectivos concellos e os de aquí voten non. Se fora Adegá, ou algunha organización ecoloxista quen se opuxera, entenderíao.

Esta petición facíase agora para ir collendo a vez; e non se trataba de decidir si a obra era ou non era prioritaria. Sabíase que ademais dos tres grupos provinciais e doutros Concellos, a iniciativa contaba co respaldo da Cámara de Comercio de Pontevedra e de varios colectivos máis, porque probablemente pensaban que a xente de aquí iría para Pontevedra. Entendía que tamén viría xente de alí para aquí, desde Vegadeo ou desde Marín como viñan agora á feira do Cocido.

Na súa vez, **D. Manuel María González Aller** afirmou que ao Sr. Alcalde saíulle ben este tema. Primeiro presentou aquí a moción no Concello e logo na Deputación Provincial. Engadiu que do escoitado do máximo mandatario parecía que *“el era o inimigo público número un de Lalín”*. E non era así a cuestión.

Eles mantiñan esta mesma postura exposta desde hai tempo e non o facían por capricho. Consideraban que esta vía agora e neste momento non era prioritaria, tal e como se quería dar a entender. “De aceptar todo o que o Alcalde sostiña, tamén sería necesario aprobar un sexto carril”, afirmou.

Consideraba que Lalín non tiña tanta necesidade de ir a Pontevedra para construír unha nova autovía e que non era tan prioritaria como se daba a entender. Se o aceptáramos, tamén había que admitir que había que pedir unha autovía para chegar ata A Coruña xa que non estaba en boas condicións, cara a Betanzos, a vía que ven desde O Carballiño, PO-902, *¿por qué non?*

O medio ambiente non é o motivo fundamental para definir a súa postura diante desta moción; o esencial neste caso, o verdadeiramente importante, é ver as necesidades que hai, e logo en función disto, determinar as prioridades. Vilagarcía de Arousa sempre foi o porto natural de Lalín e pronto estaría mellor conectado. Agora ademais na N-525 estaba previsto construír un terceiro carril desde a Ponte Ulla ata Lamela (Silleda), en dirección a Lalín, vindo dende Santiago, un carril para vehículos lentos; e logo habería que reclamar que se fagan as variantes de Prado e de Silleda (aínda que falte Bandeira) nesta estrada, obras estas que consideraban máis necesarias.

Polo BNG tamén, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** reiterouse no xa dito. Era fundamental para as relacións económicas e sociais desta comarca contar cunhas boas comunicacións coa capital. Agora faltan infraestruturas. Afirmou, con certa sorna, que como isto non se entendía do mesmo xeito dende as filas socialistas, “podíamos levar a capital de Pontevedra a Vilagarcía”.

Apostou por non deixar de lado as comunicacións con Pontevedra e que se afectasen os recursos necesarios para elo. Contar con boas comunicacións era algo positivo para Lalín. Agora por exemplo citou que coa AG-53 ata O Carballiño, veñen a Lalín moitas máis persoas

ca antes desa zona. Tamén sucede que desde esta comarca, hai veciños que van moitas máis veces a outros lugares; e viceversa viaxan a Lalín máis persoas ca antes doutros sitios. A mobilidade das persoas esixe ter boas estradas, e sobre todo con Pontevedra. Isto é moi importante para Lalín.

De seguido **D. Xosé Crespo Iglesias** agradeceu a postura do BNG neste tema, en coherencia co pactado na Deputación Provincial de Pontevedra e reprochou ao PSOE local o seu posicionamento contrario, porque, ao non apoiar a proposta, demostraba con elo ter “pouca intelixencia política”, e porque non defendía os intereses de Lalín.

Dito grupo absteríase, pero nun futuro, díxolles: “podería pesarlles esta posición mantida agora”. Coidaba que votarían así porque era unha proposta da súa persoa e non porque houbera outras razóns, porque el era un rival político que tivo unha boa idea; por isto non querían apoialo. Entendía que a competición política non tiña que ver cos obxectivos políticos en cada caso, como este que era polo ben de Lalín.

Dixo que o PSOE local tiña descoordinación, porque non comprendía que a nivel provincial o grupo socialista apoiara esta iniciativa e os deste colectivo a nivel local, non. “Era patético”. Citou que na sede do PSOE de Lalín houbo un escrito colgado no anterior mandato, no que seguramente unha persoa de dito partido estivo a contar ou a tachar os días que faltaban para que el deixara de ser Alcalde. E logo caeron outros catro anos tras eleccións pasadas. Isto souboo por un membro dun club de natación.

Rematou o debate **D. Manuel María González Aller** afirmando que o tempo dirá se a súa postura era ou non a acertada. Reiterou que con razón e con sentido común había que ver as necesidades de Lalín en materia de comunicacións e que para eles esta vía, agora e neste momento, non era prioritaria. Parecíalle lóxico que sendo unha idea do Sr. Alcalde, a defendera ata o final, pero a súa postura antes e agora estaba clara.

Sometida a proposta a votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: dezaseis (16), dos que trece (13) foron do P.P. e tres (3) do BNG.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: cinco (5), sendo catro do PSdeG-PSOE e unha (1) de D. Francisco Pérez Donsión que se ausentou ao inicio deste punto e por imperativo do ROF.

En consecuencia por maioría **APROBOUSE** a moción, en base aos seguintes antecedentes:

O Concello de Lalín e o seu Alcalde, en particular, veñen reclamando desde hai anos a construción dunha autovía que conecte Pontevedra con Lugo, pasando por Cerdedo e polo municipio lalinense, que se converta nun eixe vertebrador do interior de Galicia.

O último paso avanzado nesta demanda foi a aprobación por unanimidade dos tres grupos políticos presentes no Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra dunha moción na que se insta ao Ministerio de Fomento para que acometa a construción dunha autovía entre Pontevedra e Guntín (Lugo), onde conectaría coa autovía Santiago-Lugo.

Este acordo viña referendar a moción aprobada no pasado mes de xaneiro polo Pleno do Concello de Lalín, na que xa se solicitaba a construción desta autovía, pasando por

Cerdedo, e que complementaba a proposta xa aprobada pola Xunta de Goberno Local no ano 2004 e a defensa pública desta infraestrutura feita polo propio Alcalde en numerosos foros galegos e nacionais.

En consecuencia o Concello Pleno, **ACORDOU:**

Expresar o apoio do Concello de Lalín á moción aprobada por unanimidade dos grupos provin

ciais que conforman a Corporación Provincial de Pontevedra na que se insta ao Ministerio de Fomento a que acometa a construción dunha autovía entre Pontevedra e Guntín, onde conectaría coa autovía Santiago-Lugo, pasando polos concellos de Pontevedra, Cotobade, Cerdedo, Forcarei, Silleda, Lalín, Agolada, Antas de Ulla e Monterroso.

6.2.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA A CREACIÓN DUNHA UNIDADE BÁSICA DE HOSPITALIZACIÓN A DOMICILIO EN LALÍN.-

A Presidencia deu conta desta moción do Sr. Alcalde de data 21-05-2008, nº de rexistro 2800 e entrada municipal do mesmo día. Conta co ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Emigración e Igualdade do día 26 de maio de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Sendo as 11,19 h. abandonou a sesión D. Xosé Crespo Iglesias quedando D. Camilo González Bodaño como Presidente e cun total de dezanove membros presentes, dos que doce eran do P.P, catro do PSOE e 3 do BNG.

En defensa da moción a edil delegada de sanidade **D^a. Pilar López Carrón** leu a mesma. Indicou que o acceso á saúde era un dereito de todos e había que partir do principio de igualdade. Neste caso en Lalín non existía este servizo, noutros lugares si, e por iso se reclamaba, para que os de Lalín tiveran os mesmos servizos que outros cidadáns. A prestación de servizos sanitarios debía ser equitativa, dar unha maior cobertura e protexer mellor. Mostrou ós presentes un mapa de Galicia no que se vía, segundo ela, que toda a costa dispuña deste servizo, con base nos hospitais. Aquí en Lalín no centro no seu arredor non había este servizo. Traer isto a Lalín suporía vantaxes importantes para os veciños. Por exemplo aqueles pacientes que poidan estar pola súa doenza no seu propio domicilio, quedaríanse na casa; así estarían no seu propio medio, garántese mellor a súa privacidade, os enfermos terían menos recorrencias, menos infeccións, mellores sonos ou ininterrompidos e disporían dun mellor aseo. Resumindo, esta modalidade tiña máis vantaxes que inconvenientes.

Polo grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** indicou en primeiro lugar que ó mellor os membros do grupo de goberno tiñan un problema: que coa súa viaxe do Cocido padecían dunha desconexión total coa realidade. O seu grupo pediu hai tempo que se fixeran máis cousas, como podía ser que os políticos e técnicos municipais se entrevistasen cos responsables do CHUS e dialogasen sobre as necesidades e os posibles servizos do Centro de Alta Resolución, que estaba sen definir aínda e ao que había que dar contido. En principio este servizo dependería do hospital, que no caso de Lalín sería Santiago (CHUS). Podía darse un salto importante se os responsables municipais e os do hospital se reuniran e viran a posibilidade de implantar algúns servizos e especialidades no Centro de Alta Resolución. A distancia non era a mesma desde Lalín con Santiago que a que había

dende Santiago con outros lugares; Lalín está máis lonxe e non era axeitado implantar este servizo tendo en conta que a hospitalización a domicilio esixe un contacto diario cos especialistas, que non están aquí, senón en Santiago.

A continuación fixo un repaso da historia da evolución da sanidade en Lalín. A partir do 1970 co seguro creouse a atención primaria a unha parte desta vila; logo estendeuse a máis zonas. Desde entón fixéronse algunhas melloras importantes. Agora conseguiuase unha mellora co Sintrón dixital que xa era unha vantaxe importante; tamén conseguiuase contar cun fisioterapeuta polas tardes, estaba pedido o sistema de raios X, conseguiuase que se dotara ó ambulatorio dunha traballadora social, e aínda estaba pendente de resolución a petición do servizo de cardioloxía experimental. Daquela cando estaba o P.P no goberno desmantelouse o laboratorio que había en Lalín e marcharon os especialistas.

O que debía facerse co Plan estratéxico do CHUS de Santiago a punto de rematarse, era reunirse cos seus responsables e tamén cos de sanidade, algo que o Sr. Alcalde ao parecer non ten intención de facer. Isto si que sería un gran avance, porque se debatería sobre os posibles servizos do Centro de Alta Resolución e podíase conseguir unha maior atención especializada.

O Centro de Alta Resolución estaba aberto para o seu deseño, coa idea de mellorar o servizo e de reducir o custe de atención aos pacientes. Con este centro podería darse unha atención propia de especialistas que viran de Santiago. Habería novos tratamentos en oncoloxía e en radioterapia, e Lalín estaría coordinada co resto de Galicia. O Plan do Chus pronto será operativo. Pedíulle ao Sr. Alcalde que fale con esta xente e que se reúna canto antes para empezar a ver estas opcións: ver o que se quere que sexa o Centro de Alta Resolución. Estaba aberto no seu contido e pódese configurar de moitas formas. Era unha oportunidade única de construír tamén un novo centro en Lalín e deixar de arranxar o actual ambulatorio, e facer un centro de alta resolución a medida do que se necesita e do que pode ser viable. “Isto é así e o Alcalde sabeo”, afirmou.

Desde o BNG **D^a. Susana Rodríguez Cambón** indicou que en materia de sanidade faltaba moito por conseguir. Nos hospitais da costa era certo que si había este servizo. Preguntou á edil, **D^a. Pilar López Carrón**, se a hospitalización a domicilio impartiríase desde Santiago ou si terían como sede o ambulatorio de Lalín cos seus médicos ou medios propios. *¿Existe algún servizo desta clase implantado no ambulatorio?*

A resposta era que non, que este servizo de hospitalización a domicilio debía ser levado desde un hospital directamente.

Recoñecía que seguramente si que habería máis eficacia si se contara con este servizo, pero no caso de Lalín coa distancia existente co CHUS de Santiago tiñan, como grupo, as súas dúbidas.

Si non é viable este servizo, *¿por qué non se facía o Centro de Alta Resolución?* Neste caso este servizo non debería ubicarse no edificio do actual ambulatorio, senón que debería construírse outro edificio. Se temos terreos de sobra, como continuamente se ven a dicir dende o grupo de goberno *¿por qué non o fan?*

En resumo o grupo nacionalista afirmou ter dúbidas sobre esta proposta e tamén sobre o resultado do actual redeseño do Plan sanitario de Galicia que se estaba a redactar.

Sentiuse aludido **D. Román Rodríguez González** e díxolle á interviniente: “a min, non me mires”.

De novo **D^a. Pilar López Carrón** afirmou que non era unha utopía o que se pedía na moción, que ó igual que o Chus presta este servizo de atención a domicilio ata á Ponte Ulla, ou no radio de acción que hoxe ten, queremos que tamén chegue este servizo ata aquí. O servizo prestaríase pola unidade que se crearía para este fin. Repetiu que este servizo estaba implantado en Vigo e noutras zonas e non plantexaba estas discusións sobre a súa viabilidade, porque se trataba de mellorar a asistencia sanitaria.

O servizo constaba tal e como se dicía na moción dunha unidade composta por dúas enfermeiras e por un médico cos medios técnicos e materiais necesarios para o desenrolo das súas funcións; ubicaríase no Ambulatorio de Lalín, pero sempre sería dependente do hospital de Santiago. Finalmente os pacientes que se adscriban a dito servizo serían todos voluntarios. A alta, dependería do hospital, como tamén todo o tratamento a dar, aínda que fora impartido materialmente pola unidade radicada en Lalín. Os seus membros serían os que se desprazarían aos domicilios dos hospitalizados. En suma, reiterouse no xa dito e reafirmouse no contido da moción e sostivo que non era unha cousa irrealizable ou imposible de acadar ou de levar á práctica para Lalín.

Tamén reiterouse no xa dito **D^a. Susana Rodríguez Cambón** por canto considera que era complicada a hospitalización a domicilio e que non se podería prestar o servizo ao igual que en Vigo, pola distancia e porque requiría un soporte asistencial. Tiña dúbidas sobre si isto era adiantar algo ou era unha utopía. Estaba mais de acordo en que se creara no Ambulatorio unha unidade, para o que previamente se esixía analizar e estudar as necesidades e os servizos a prestar.

Tamén **D. Manuel María González Aller** amosou de novo as súas dúbidas sobre esta proposta, por canto depende directamente do hospital e os especialistas son os que dan as directrices que son seguidas polos membros da unidade de hospitalización todos os días, lévanas a cabo e co mesmo tratamento hospitalario. Reiterouse no xa dito antes.

Rematou este debate **D^a. Pilar López Carrón**. Indicou que co servizo proposto os pacientes seguirían dependendo de Santiago pero coa axuda do Ambulatorio. En canto aos especialistas, non facían falta todos os días, pero ata a alta dos enfermos, si que dependerían dos de Santiago.

Sometida a moción a votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10) do P.P..

Votos en contra: catro (4) do PSdeG-PSOE.

Abstencións: seis (6) sendo tres dos edís do BNG, e de D. Manuel Gómez Estévez, de D. Antonio Rodríguez e de D. Xosé Crespo Iglesias ausentes no momento da votación e por imperativo do ROF.

Xa que logo, **APROBOUSE** a moción con base nos seguintes antecedentes:

O envellecemento da poboación, o aumento das enfermidades crónicas e a maior supervivencia das enfermidades oncolóxicas fai que cada vez exista un maior número de pacientes complexos que precisan dun elevado consumo de recursos sanitarios. Esta situación obrigou á administración sanitaria a buscar novas fórmulas asistenciais que

melloren, por unha banda, a atención dos pacientes e, por outra, aseguren unha máis eficiente utilización dos recursos destinados.

Unha das alternativas que xurdiron á hospitalización convencional é a hospitalización a domicilio, cuxa primeira experiencia levouse a cabo no ano 1947 no hospital *Montefiore* de New York. No ano 1981 tivo lugar a primeira hospitalización a domicilio en España, concretamente no Hospital Provincial de Madrid e progresivamente se foi incorporando a centros hospitalarios de todo o territorio nacional e, por suposto, ao galego.

A hospitalización a domicilio defínese como un conxunto de tratamentos e cuidados sanitarios proporcionados ao paciente no seu propio fogar. En consecuencia, este servizo serve para mellorar a calidade asistencial do enfermo, conseguindo que se manteñan e reubiquen precozmente no seu domicilio o maior número de pacientes que o necesiten mediante un soporte asistencial especializado, co conseguinte descenso na ocupación de camas no propio hospital de referencia.

Este sistema de hospitalización presenta numerosas vantaxes fronte á hospitalización convencional, o que xustifica a súa implantación e extensión por todo o territorio galego. En concreto, os beneficios afectan tanto ao paciente como á súa familia, á institución hospitalaria, ao servizo de atención primaria, á educación sanitaria e ao sistema sanitario no seu conxunto.

A mellora da calidade de vida é a principal vantaxe para o paciente e a súa familia. O enfermo ingresado en hospitalización a domicilio continúa recibindo a mesma atención sanitaria que recibiría nun hospital, pero gozando dunha maior comodidade no seu propio fogar. Ademais, o feito de non desvincellarse do seu contorno sociofamiliar fai que os seus parentes teñan unha maior e unha máis efectiva implicación no proceso da enfermidade.

Pola súa banda, a propia institución hospitalaria poderá mellorar e facer un óptimo aproveitamento dos seus recursos, así como posibilitar unha maior rotación das camas, contribuíndo ao aumento da eficiencia do sistema. Así mesmo, permitirá promover a mellora e avance das terapias, técnicas e investigación na asistencia realizada en réxime de hospitalización a domicilio, incidindo tanto nos aspectos médicos como sociais.

Actualmente, a maioría dos hospitais galegos contan con unidades de hospitalización a domicilio, pero o servizo non cubre aos residentes no municipio de Lalín. Por este motivo, co obxectivo de que os nosos veciños dispoñan dunha atención sanitaria de primeiro orde, é necesario que a Consellería de Sanidade poña en marcha unha unidade básica de hospitalización a domicilio radicada no noso concello, tendo en conta a súa estratéxica situación no centro de Galicia e a posible extensión deste servizo a outras localidades do interior da Comunidade galega.

Este servizo prestaría atención nos seus propios domicilios a pacientes diagnosticados de enfermidades oncolóxicas, cardiovasculares, neurolóxicas, respiratorias, hepáticas, renais e outras doenzas menos prevalentes que xeran un gran número de hospitalizacións.

Por este motivo, o Pleno da Corporación Municipal **ACORDOU:**

Solicitar á Consellería de Sanidade a creación dunha unidade básica de hospitalización a domicilio (HADO) con sede no concello de Lalín.

6.3.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA A REVITALIZACIÓN DA ESTACIÓN DE BOTOS.

A Presidencia deu conta desta moción do grupo municipal do P.P. de data 08-05-2008, nº de rexistro 2540 e entrada municipal do mesmo día. Conta co ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda e Medio Ambiente do día 26 de maio de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Na rolda de intervencións, **D. Román Rodríguez González** explicou que con esta moción o grupo de goberno pretendía que o Concello dera os primeiros pasos para conseguir unha nova instalación e novos usos na estación de Botos, lendo de seguido a parte dispositiva da moción.

A continuación afirmou que era preciso partir da realidade actual e mirar para o futuro xa que coidaba que a densidade industrial e empresarial existente xustificaba e esixía que Lalín contara cunha plataforma loxística ferroviaria que dera servizos ás súas empresas, e que contribuiría a mellorar a competitividade dos seus bens e servizos.

Era certo que o uso do transporte ferroviario tanto de pasaxeiros como de mercadoría reduciuse nestes anos de atrás en Lalín, por mor do uso intensivo do transporte por estrada. Hoxe, tendo en conta a alza dos carburantes e o correlativo encarecemento desta clase de transporte, era interesante apoiar e promover o uso do transporte ferroviario acometendo unha revitalización das instalacións de Botos.

Doutra banda había que ter en conta que Lalín contaría en breve con tres polígonos industriais, ao sumar ó de Botos e ó Lalín 2000, o que actualmente está en fase de proxecto en Catasós, polo que cunhas instalacións axeitadas, os traballadores e as empresas destes polígonos, estarían a unha distancia media de entre seis a sete minutos da dita plataforma.

Cumpría lembrar que hai un Plan da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para construír sete plataformas en Galicia, entre as que non está Lalín, a pesar de que co TAV quedará desconectada. Por iso pedíase agora que Lalín conte con trens lanzadeiras, xusto cando vai haber un desdoblamento das vías férreas.

Conviña tamén crear apeadeiros para competir con Ourense e con Santiago, e evitar a desconexión non só das empresas, senón dos viaxeiros da zona de Lalín, facilitando o transporte e mellorando así a competitividade das nosas empresas.

Coidaba que podían aproveitarse estas vías vellas sen uso para o transporte de pasaxeiros e de mercadorías, previo o estudo que contemple esta posibilidade.

O Sr. voceiro do grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** afirmou que este problema do tren en Lalín e en Botos non era de onte precisamente, senón que viña de moito tempo atrás, de polo menos desde hai vinte anos.

Botos non é hoxe unha estación importante de mercadorías e levaba varios anos en proceso de degradación. Para evitalo, o seu grupo pediu sempre varias medidas de apoio, entre elas que houbera un autobús urbano que conectase ós viaxeiros de Lalín coa mesma.

Repetiu que o problema en Lalín non é de agora. *¿De quen é a culpa? ¿van corrixir esta situación os apeadeiros que se pidan?* Eles como grupo político tiñan as súas dúbidas sobre a moción, e afirmou que o P.P. tiña moita responsabilidade da situación actual.

O que se pedía na moción non estaba cuantificado economicamente e probablemente custaría unha millonada. Tampouco parecía moi realista, dicir nesta moción que os trens de proximidade parecen ser coma os trens normais; é dicir non vían nada viable as peticións da mesma.

Si en cambio verían con bos ollos e apoiarían a celebración dunha reunión entre o Concello, os sectores interesados, o Adif e o M^o. de Fomento para estudar a situación, os problemas e tamén as distintas solucións ó estado actual da estación de Botos. Como a moción non viña así, absteríanse.

Polo BNG, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** pediu que todas as iniciativas que haxa sobre o tren non se deixen pasar. A dinámica actual, de continuar así, conducirá ao peche irremediable da estación de Lalín.

Noutros sitios o tren era un medio moi empregado; pero a realidade é que en Lalín non era así. Salientou que nos anos 2012 ou no 2013 estará probablemente en funcionamento o TAV, *¿terá entón sentido que esta estación de Botos estea en funcionamento?*

A proposta de seguir as liñas tradicionais de explotación deste medio de transporte non conducían a nada máis que a desaparición da estación. O importante para evitar isto era tomar medidas encamiñadas a acadar solucións. Para elo dunha banda como grupo escoitarían antes aos empresarios e a todos os interesados. Adiantou que, seguramente, traerán proximamente unha moción máis seria que esta ao Pleno; doutra banda, a idea de manter unha reunión como pedía o grupo socialista era positiva, pero iso non era unha escusa para non apoiar a moción presentada.

A estratexia a cambiar era a marcada ata o de agora desde Madrid. “Nós como grupo político estamos a favor de vertebrar este país, e de adoptar as posturas nesta dirección ,e sen rubor”, afirmou. Por iso apoiarían a moción.

Sostivo que o P.P. tiña neste asunto do deterioro das instalacións da estación de Botos que se discute aquí moita responsabilidade porque hoxe a estación de Lalín está morta. Finalmente afirmou que o estudo do apeadeiro terá sentido en función do seu custe e da súa viabilidade.

Sometida a moción a votación ordinaria mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14), dos que once (11) foron do P.P. e tres (3) do BNG.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: cinco (5) das que catro foron dos concelleiros do PSdeG-PSOE e unha de D. José Antonio González González ausente por imperativo do ROF.

En consecuencia, por maioría **APROBOUSE** a moción con base nos seguintes antecedentes:

Duns anos a esta parte a estación de Botos está a vivir un proceso continuado de eliminación de persoal e de prestacións por parte do Ministerio de Fomento e do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (Adif), dentro do marco xeral de desmantelamento progresiva dos servizos de proximidades que se está a levar a cabo en toda Galicia.

O Concello de Lalín, avalado polas opinións de diferentes axentes sociais, amósase convencido da necesidade de que os veciños podan seguir dispoñendo de trens que garantan o desprazamento rápido e seguro entre as cidades, unha circunstancia vital para un pobo como Lalín, xa que serve para asentar poboación no eixe interior de Galicia e axuda a potenciar a súa economía.

O Concello de Lalín entende que o mantemento destes trens de proximidades, que coas liñas do AVE está véndose nalgúns casos, ameazada á súa desaparición, é unha cuestión vital, ao tratarse duns dereitos adquiridos para os veciños de que de ningún xeito se lles debe privar. Ademais, o mantemento dos actuais trens de proximidades axudaría a introducir medidas correctoras no desequilibrio territorial que está a sufrir Galicia (cada vez se acentúan máis as dúas velocidades: a urbana e a interior) e potenciaría un artellamento racional e sostible do territorio.

Precisamente para conseguir este fin, o Concello de Lalín propón, nun renovado e firme intento de dinamizar a estación de Botos e a creación dunha plataforma loxística nos 20.000 metros que ocupa a explanada situada ao carón da estación. Esta infraestrutura destinaríase ao tráfico de mercadorías e concibiríase a modo de estación intermodal para dar servizo ás empresas instaladas no polígono de Botos e no Parque Empresarial Lalín 2000, máis ás futuras firmas que se instalarán no polígono industrial de Catasós.

A posta en marcha desta plataforma proporcionaría unha óptima vía de entrada e saída de mercancías ás empresas ubicadas nos máis de dous millóns de metros cadrados de solo industrial previstos a medio prazo en Lalín, co que se melloraría substancialmente a súa competitividade empresarial. Entre os puntos fortes para a creación desta plataforma destaca a súa ubicación estratéxica, sumada á unha boa accesibilidade aos tres polígonos, o que permite que os tempos de distancia sexan mínimos (10 minutos ao Parque Empresarial Lalín 2000, 2 minutos ao polígono de Botos e outros 2 minutos ao polígono de Catasós). Así mesmo, a utilización deste medio de locomoción posibilitaría diminuír notablemente o impacto ambiental do transporte de mercadorías.

Ademais, aproveitando a situación privilexiada e equidistante de Lalín respecto das principais cidades galegas, trataríase de que nun futuro próximo, a través dunha segunda fase, esta plataforma loxística, concibida como un punto de intermodalidade, estendería o ámbito de prestación dos seus servizos ao conxunto da zona interior central da nosa comunidade, nunha aposta clara polo equilibrio territorial de Galicia. Trataríase de que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes inclúese esta plataforma loxística para o territorio central de Galicia dentro do seu Programa de Plataformas Funcionais, de forma que contemplase a posta en marcha deste centro intermodal, sumándose así aos previstos para as sete grandes cidades.

A construción desta plataforma loxística leva parella a demanda reiterada do Concello de Lalín relativa ao mantemento da actual estación ferroviaria de Botos, dotándoa de máis persoal. Estes medios de locomoción son, na actualidade, unha ferramenta imprescindible para diminuír o custe ambiental, económico e social, sempre compartindo espazo coa creación de novas infraestruturas terrestres.

De igual modo acórdase pedir de novo ao Ministerio de Fomento que no proxecto construtivo do corredor norte noroeste de Alta Velocidade, eixo Ourense-Santiago, se inclúa a

construción dun apeadeiro no termo municipal de Lalín (en concreto na zona de Botos, lugar de Porto, onde haberá catro vías), que permita a parada dos novos operadores que se establezan, e que poderá ser utilizada tanto polos veciños como polos empresarios como medio de transporte rápido, moderno e seguro, co conseguinte beneficio para o interese xeral.

A devandita lanzadeira deberá estar operativa antes de 2010, posto que a partir desa data está previsto que entren en funcionamento os *TRD Brava*, un modelo de trens rexionais que se utilizarán tamén no treito do Eixo Atlántico que alcanzarán unha velocidade de 160 quilómetros e que facilitarán unha mellora na mobilidade dos pasaxeiros.

A construción deste apeadeiro empregando as vías do TAV posibilitará que un lalinense poida coller unha desas lanzadeiras en Lalín e chegar así nun tempo curto a Ourense, onde terá acceso ao Tren de Alta Velocidade para desprazarse a Madrid. E viceversa, é dicir, que se o cidadán vén de Madrid, poida coller en Ourense unha desas lanzadeiras para chegar ata Lalín.

Por todas as razóns expostas, o Pleno da Corporación Municipal **ACORDOU:**

1.- Solicitar ao Adif e á Xunta de Galicia (Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes) a creación dun grupo de traballo, no que tamén se integrarían o Concello de Lalín e a Asociación de Empresarios de Deza (AED), para analizar tecnicamente a posibilidade da posta en marcha dunha plataforma loxística de transporte de mercancías en Botos, Lalín, que inicialmente interconecte ás empresas instaladas nos máis de dous millóns de metros cadrados de solo industrial previsto para este municipio e que, nunha segunda fase, estenda a prestación dos servizos a toda a zona central de Galicia.

2.- Reiterar ao Adif a demanda de mantemento da estación ferroviaria de Botos, ao tempo que se pide que a dote de persoal e se favoreza a utilización dos trens de proximidades ao seu paso por Lalín, mentres non entre en funcionamento o proxecto lanzadeira.

3.- Pedir á Dirección Xeral de Ferrocarrís do Ministerio de Fomento e ao propio Adif a construción, coa máxima axilidade, dun apeadeiro en Lalín (parroquia de Botos, lugar de Porto) que posibilite a parada dun vehículo lanzadeira que dea servizos rexionais e que conecte Lalín con Santiago e con Ourense.

7.- MOCIÓNS DO PSdeG-PSOE.-

7.1- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOLICITANDO MEDIDAS RELACIONADAS COA SEGURIDADE VIARIA NO TREITO DO SG-V5 COMPRENDIDO ENTRE A ROTONDA DO RODO E A DE GARCÍA SÁNCHEZ.-

A Presidencia deu conta desta moción do PSdeG-PSOE de data 22-05-2008, nº de rexistro 2821 e entrada municipal do mesmo día, que conta co ditame desfavorable da

Comisión Informativa de Relacións Institucionais e Seguridade Cidadá do día 26 de maio de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Na rolda de voceiros **D. Manuel María González Aller** indicou que o responsable da seguridade vial nesta vía era o Concello e a moción viña porque cumpría determinar exactamente quen debía realizar unhas actuacións neste eido, indicando que tamén había un rogo sobre este asunto.

A vía era complicada; tiña como límite 50 q/hora e entre unha rotonda e outra rotonda e presentaba unha acusada pendente; con xeada había un elevado risco de accidentes.

“Por isto presentouse a moción. Non se piden fontes, senón colocar unhas bandas rugosas en dita vía e un semáforo que se poña en roxo cando se supere esa velocidade máxima de 50 q/h. Pídense, en suma, cousas razoables e que se poden facer”, afirmou.

Desde o grupo nacionalista, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** indicou que ben sexa un rogo ou unha moción, o tema en debate esixía saber esencialmente de quen depende esa vía aberta ao tráfico. *¿Como é posible que teña eses desniveis a rotonda? ¿que sentido ten? ¿De quen é a dita estrada?*

Supuña que a vía construída respectaba os criterios que rexían nesta clase de obras de infraestruturas. O tramo no que vai o anel conta cun límite de corenta ou de cincuenta quilómetros por hora, pero esta non é a cuestión. O problema non é de velocidade, senón do deseño de dita estrada e de perigo real para os vehículos pesados que van por alí.

Sendo as 12 horas incorporouse D. Xosé Crespo Iglesias á sesión quedando con trece o P.P., con catro o grupo socialista e con tres o grupo nacionalista.

Dende o grupo de goberno **D. Román Rodríguez González** dixo alegrarse coa presentación desta moción. Salientou que lle daba lástima ver o ridículo que facía o PSOE con presentación da mesma. Non entendía o que se pedía, porque parecía que non sabía como estaba a obra. Por elo clarexou que a mesma non estaba entregada, que faltaba unha certificación final de obra e unha acta de entrega. Polo tanto a obra non constaba formalmente entregada ao Concello.

Doutra banda, a execución destas obras non se fixo con rigor. A súa contratación correspondeu á Xunta de Galicia e houbo problemas e incidencias que solucionou o Concello. Coma sucedía en todas as obras, con cartos pode a dirección de obra solucionar os problemas que xurdan na execución da mesma. Non se fixo así. O Concello aportou os terreos para o que tivemos que expropiar e puxémollos a súa disposición. “Cumprimos a nosa parte”, rematou.

O Sr. Alcalde-Presidente **Xosé Crespo Iglesias** interveu par indicar que a obra ten defectos aínda hoxe, pero que isto non era cousa do Concello. Afirmou que tiña a sensación de ridículo ao ver a moción e dáballe tamén “lástima” ler o seu contido. A rotonda urbana non era ningún anel, como dixo o voceiro nacionalista, senón unha rotonda que quitou o tráfico do centro urbano. O Concello nesta obra tivo que facer fronte a moitas obras e incidencias que xurdiron na súa execución. Antes de recibir dita obra, pedíralle e esixíralle á Xunta de Galicia unha compensación polos gastos engadidos que este Concello afrontou na execución da mesma e que grazas ao Concello puideron acometerse, porque a administración contratante se negou a elo.

Na segunda rolda de intervencións **D. Manuel María González Aller** rexeitou as verbas anteriores pronunciadas polo edil popular e tamén pola presidencia. Afirmou que “nin

el, nin o seu grupo facían o tonto” presentando esta moción. Todos sabemos que esta obra a fixo a Xunta de Galicia, incluída a redacción do proxecto. Se era competencia da Xunta de Galicia, que a pare entón o Concello e non esqueza a responsabilidade o Sr. Alcalde. “Se a obra non está rematada aínda como dixeron antes, “péchena” afirmou. Porque de non ser así, os riscos e os posibles danos derivados dos accidentes de tráfico que poidan producirse en dita vía será responsabilidade do Concello.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que a estrada en cuestión abriuna ao tráfico a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. Era certo que esta Consellería fixo as obras. que non as fixo o Concello e que pagou as mesmas, pero o Concello de Lalín puxo os terreos.

“A situación a día de hoxe era que non está feita a cesión de dita estrada e que hai un convenio asinado cos responsables da consellería que así o di e así o esixe”, afirmou. En suma a obra está en execución aínda e non está nin terminada, nin por suposto entregada ao Concello. Cando se queira entregar a obra, o Concello reclamará á dita consellería que lle reembolse unha serie de gastos e de achegas que tivo que facer o Concello sen estar previstas no proxecto e que xurdiron na execución das mesmas. Dirixíndose ó **Sr. Secretario** preguntoulle: *¿É responsabilidade nosa?*

Seguiu o **Sr. Crespo Iglesias** falando indicando que os proxectos poden ser reformados e elaborar complementarios para introducir eses cambios nas obras e instalacións.

Oído o anterior **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** preguntou ao Secretario de quen era esa estrada.

O Sr. Secretario, ante “tamaño aprieto”, indicou que a obra fora contratada pola Xunta de Galicia, pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e financiada pola mesma, salvo os terreos aportados, previa expropiación polo Concello. Hoxe non estaba rematada a obra e non constaba o documento formal de cesión ou de entrega da mesma ao Concello. Sen embargo afirmou que o Concello de Lalín sabe que esa estrada está aberta ao tráfico rodado e ao público e non podía deixar de telo en conta, nin esquecer este feito.

Seguiu falando **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** e indicou que o funcionario fixo unha descrición perfecta, pero o tema fundamental era a responsabilidade. Só quería saber, se había outras condicións; doutra banda o ridículo que se fixera despois de varios anos, era o mesmo. Reiterou que o importante era ver a responsabilidade.

O Sr. Alcalde tamén indicou que se encargaría un informe técnico para determinar de quen é esa estrada e de quen é a responsabilidade por estar aberta ao tráfico rodado e peonil, pero que tiña que marchar, tiña unha xuntanza na Comisión de Cooperación, co Sr. Conselleiro da Presidencia e Administración Pública. Afirmou que estaba disposto a encargar ese informe, que se pediría, pero que a competencia para poñer as bandas rugosas e o semáforo, xunto cos problemas, eran e afectaban á administración que fixo a obra e que non a entregou ao Concello.

En consecuencia sendo as 12,15 horas, abandonou, D. Xosé Crespo Iglesias, delegando en D. Camilo González Bodaño a Presidencia-Alcaldía, que quedou presidindo o Pleno, e quedando doce membros do grupo popular, catro do grupo socialista e tres do grupo nacionalista, cun total de dezanove membros.

Houbo un pequeno rifirrafe entre **D. Román Rodríguez González** e **D. Manuel María González Aller** sobre os distintos cualificativos empregados no debate, como tonto, ridículo, soberbio, etc.

Rematou este debate **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** indicando que a pena que lle quedaba era rematar sen saber exactamente de que é a responsabilidade pola dita estrada.

Na moción pedíase que se tomen de inmediato as medidas necesarias para mellorar a seguridade viaria do treito do (da na moción) SG-V5 comprendido entre a rotonda do Rodo e a de García Sánchez (colocación de bandas rugosas ou calquera outro sistema de seguridade que axude a evitar os accidentes que se están a producir na zona).

Sometida a moción a votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), dos que catro (4) foron do PSdeG-PSOE e tres (3) foron do BNG.

Votos en contra: doce (12) foron do P.P

Abstencións: unha de D. Xosé Crespo Iglesias ausente da sesión e por imperativo do ROF.

En consecuencia **REXEITOUSE** a moción.

7.2.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOLICITANDO A APROBACIÓN DUNHA ORDENANZA MUNICIPAL DE CIRCULACIÓN E TRANSPORTE.-

A Presidencia deu conta desta moción do PSdeG-PSOE de data 15-05-2008, con nº de rexistro 2747 e entrada municipal do día 16-05-2008, que conta co ditame desfavorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais e Seguridade Cidadá do día 26 de maio de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Abandonou neste intre, as trece horas e dous minutos, a sesión D. Manuel Migúelez Montoto quedando con tres membros o grupo socialista, con doce o partido popular e con tres a formación nacionalista, dando un total de dezaioito edís presentes.

En explicación da moción **D^a. Marta Lázara Fontao** asumiu a defensa. Indicou que esta moción xurdiu a raíz dun rogo presentado nunha sesión plenaria, e do que non houbo nin hai noticia ou contestación. Moitas accións moitos temas pero non se fala do tema en cuestión. Hai vehículos de catro rodas nas beirarrúas ou vías públicas co mesmo teléfono que indican que hai unha actividade comercial. O que se pide é que haxa unha regulación e que non se siga a permitir a venda ilegal nas rúas e vías públicas, como sucedía ata agora, porque había outras persoas e empresas que realizaban a súa actividade comercial regularmente, pagaban os seus impostos e cumprían as formas. Leu de seguido a parte expositiva e detívose no primeiro parágrafo da primeira páxina, indicando que algunhas das peticións xa se veñen reclamando e outros debían estar coa regulación de rúas; finalmente reclamou que todo isto estea contemplado no plan de tráfico municipal.

Desde o grupo nacionalista, **D^a. Guadalupe Nóvoa Carballude** expuxo a posición do seu grupo. En principio sobre o segundo aspecto e a primeira parte da moción, no referente ao plan de tráfico e a velocidade si que estaban dacordo; pero sobre o primeiro aspecto,

referente aos vehículos que podían estar ben aparcados e que non interrompían o tráfico, eles non vían delito e coidaban que tiñan un prazo de trinta días como máximo de estacionamento no mesmo lugar; pasado este prazo había que investigar se era ou non unha actividade comercial. Para ordenarlles que vaian a un recinto comercial, había que comprobalo antes. Eran pois dúas cousas distintas. Por elo absteríanse. Si estaban a favor de contar cun plan de tráfico, non vía claro que debía estar dentro del o que se pedía en parte, e a que sempre e previamente se comprobe se esta suposta actividade comercial existe ou non.

Na súa intervención, a edil delegada de tráfico **D^a. Nuria Rodríguez Carral** pediu que constase en acta que o mesmo criterio que **D^a. Marta Lázara Fontao** empregaba para fiscalizar e ler os borradores de actas que elaboraba o Sr. Secretario, tiña tamén que telo na redacción das mocións do seu grupo. En concreto afirmou que a moción en debate contiña polo menos nove erros tras unha primeira visual e oito só na primeira páxina. Sobre o tema en cuestión salientou que era certo o dito pola edil nacionalista que había que esperar un prazo de trinta días para poder actuar. Se vende e isto é verdade, invéstigase pola Policía Local e iniciase un procedemento para poñer unha sanción, xa que entraría en xogo o procedemento sancionador por posible infracción en materia de venda ambulante. Desde logo afirmou que isto non ía ir contemplado no plan de tráfico, algo que non ten que levar colgado esa ordenanza que pedía o grupo socialista.

De novo por alusións **D^a. Marta Lázara Fontao** indicou que nas actas non citaba faltas de ortografía senón as palabras que cambiaban o significado.

De novo **D^a. Nuria Rodríguez Carral** reafirmouse nas verbas anteriores e reiterou que as faltas aludidas da moción socialista, tales como faltas dunha r, q, c, ou a palabra Consello por Concello si cambiaban o significado das palabras e da frase, e que as ditas pola edil no punto primeiro de aprobación de actas eran do mesmo sentido. Dixo que o mesmo que o Sr. Secretario aceptaba as críticas, a edil socialista debía aceptalas e “non pasaba nada”.

Sobre o punto da orde do día afirmou que ata hoxe non houbo denuncias pola Policía Local sobre esta venda de vehículos na rúas ou vías públicas, pero reiterou que a Policía Local controlaba isto. No suposto de levar o coche máis de trinta días no mesmo lugar, abriríase unha investigación por venda ambulante, para aplicarlle primeiro a taxa correspondente e no seu caso un procedemento sancionador. En todo caso quixo deixar claro que o había un proceso regulado polo concello e un control do uso das vías públicas pola Policía Local.

De novo **D^a. Marta Lazara Fontao** afirmou que o Concello de Oleiros (A Coruña) foi un primeiros concellos que prohibiu a venda ambulante. E por iso, porque era algo que os concellos podían acordar, pedíase tamén para Lalín.

Tamén por alusións **D^a. Nuria Rodríguez Carral** indicou que o pedido na moción era cambiar o uso de solo en realidade, algo que estaba fora do plan de tráfico.

Insistiu no que se pedía na moción o voceiro socialista. **D. Manuel María González Aller** salientou que, dado o sistema existente, segundo el, se permite entón a venda de coches, porque se antes dos trinta días o dono do coche o cambia de lugar e colócao noutro sitio, empeza a contar outra vez o prazo dos trinta días.

Para evitar isto, pedíase na moción unha normativa para regularizar esta actividade e os supostos que poidan darse.

Finalmente, **D^a. Guadalupe Nóvoa Carballude** repetiu o xa dito antes, que o seu grupo apoiaría a moción pero unicamente no primeiro punto; en canto ao segundo, o normal sería que se pedira e se redactase unha normativa separada do plan de tráfico, específica deste tema.

Na moción pedíase a aprobación dunha Ordenanza municipal de circulación e transporte que contemple entre outros, os temas anteriormente mencionados, e que vaia incluída no Plan de Tráfico.

Sometida a moción a votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: tres (3) do PSdeG-PSOE.

Votos en contra: doce (12) do P.P.

Abstencións: catro (4) sendo tres do BNG e unha de D. Manuel Miguélez Montoto, ausente da sesión e por imperativo do ROF.

En consecuencia **REXEITOUSE** a moción.

7.3.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOLICITANDO QUE SE DOTE AOS LUGARES DA PARROQUIA DE SOUTOLONGO DE REDE DE SANEAMENTO.-

A Presidencia deu conta desta moción do PSdeG-PSOE de data 22-05-2008 con núm. de rexistro 2.820 e entrada municipal do mesmo día, que conta co ditame favorable da Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas e Servizos Comunitarios do día 26 de maio de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Na rolda de intervencións o voceiro do grupo socialista e proponente da moción, **D. Manuel María González Aller** explicou que se trataba de dar servizo a varios lugares da parroquia de Soutolongo que non contaban con saneamento.

Dende o grupo nacionalista, **D^a. Guadalupe Nóvoa Carballude** adiantou a posición favorable do seu grupo. Afirmou que había que empezar a cubrir todo o rural en materia de saneamento e por iso a moción era benvinda.

Desde o grupo de goberno, **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** tras indicar que na moción faltaban algúns temas importantes, afirmou que estaban dispostos a aprobala si se incluía na mesma un engadido para dirixirse á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible instando a celebración dun convenio para executar as obras segundo as condicións e sistema seguido na tramitación do Convenio coa Consellería do Medio Rural para o saneamento en Catasós.

De seguido citou os lugares desta parroquia de Soutolongo, en concreto Soutolongo de Abaixo, Lodeiro, Carracedo e o Pazo, nos que sería preciso o bombeo e a depuradora segundo o proxecto técnico, o lugar de Vistalegre que verte á depuradora de Botos, e o de Vilar no que os veciños deberán deixar pasar polos terreos para verter á depuradora de Botos.

A emenda apuntada polo edil de infraestruturas non se vía coma un problema por parte do grupo socialista. Así o salientou **D. Manuel María González Aller**, pero sempre que fora comprensivo ou parte dun plan integral de saneamento, que sería o ideal.

De novo, **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** indicou que había que deixar claro que o Concello tiña xa pedidas a esta Consellería de Medio Ambiente tres obras en tempo atrás, que estaban solicitadas e a día de hoxe sen recibir contestación, en concreto pediron o saneamento no lugar de Vistalegre, parroquia de Soutolongo. Rematou afirmando que estaban a prol de aprobar a moción sempre que se engadira esa emenda, de facer e executar as obras mediante un convenio entre as dúas administracións, pero axustándose ao mesmo porcentaxe e sistema co que se fixeron obras anteriores coa Consellería do Medio Rural.

Tras debatir os tres voceiros e acadar un punto de encontro, pasouse a moción a votación ordinaria mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, dezaioito (18) concelleiros, sendo doce do P.P., tres do PSdeG-PSOE e tres do BNG, **APROBOUSE** a moción do grupo socialista coa emenda do grupo popular, con base aos seguintes antecedentes:

A parroquia de Soutolongo carece de rede de saneamento, de xeito que máis de 100 familias residentes na mesma non poden usar ese servizo.

A existencia de servizos básicos como o saneamento é fundamental para o desenvolvemento do medio rural. Ademais unha boa xestión das augas residuais axuda a protexer os recursos hídricos da contaminación de xermes patóxenos e outros elementos nocivos, que son unha ameaza para os ecosistemas acuáticos e para a propia saúde humana.

Dende o Concello de Lalín, a iniciativa do grupo municipal socialista, considérase, como xa se reivindicou en repetidas ocasións, que é necesario elaborar un plan integral ou plan director para dotar de saneamento a todo o rural, que fixe carencias e prioridades e que deseñe redes que cubran as distintas áreas de saneamento co maior número posibles de lugares e construír depuradoras eficientes e con garantías de non contaminación do medio natural, todo elo con actuacións programadas a corto e medio prazo.

Xa que logo o Concello Pleno **ACORDOU:**

Primeiro.- Dirixirse á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Xunta de Galicia, para que acometa as obras necesarias para dotar de saneamento a toda a parroquia de Soutolongo, de xeito que os veciños poidan usar este servizo.

Segundo.- Instar á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para que estas obras se realicen con base a un convenio co Concello de Lalín, axustado ao mesmo sistema e condicións que as establecidas no convenio asinado coa Consellería do Medio Rural para obras cos mesmos fins (porcentaxe de financiamento mínimo do 75% da Consellería do Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e 25% a cargo do Concello, posibilidade de contratación das obras por unha ou outra administración e con proxecto técnico redactado polo Concello).

8.- MOCIÓN DO B.N.G.-

8.1- MOCIÓN DO BNG SOLICITANDO A REFORMA INTEGRAL DA PRAZA DE EUROPA.-

A Presidencia deu conta desta moción do BNG de data 03-05-2008, nº de rexistro 2720 e entrada municipal o día 15-05-2008, que conta co ditame desfavorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda e Medio Ambiente do día 26 de maio de 2008, que leu o Sr. Secretario.

En defensa da moción **D^a. Guadalupe Nóvoa Carballude** do grupo nacionalista indicou que había que modificar esa cultura do cemento que existía e converter este lugar nun espazo público, que estaba na súa totalidade no centro da vila sen utilizar; pola contra a poucos metros na praza da vila había “*overbooking*”, estaba moi saturada de xente e era máis atractiva. Por elo cumpría acometer un proxecto de recuperación e de humanización desta Praza de Europa para facilitar o seu uso, por exemplo colocando unhas canchas de baloncesto que permita o xogo, e facela máis “viva” cunha serie de mobiliario acorde, e evitando así o non uso e mesmo que se empregue para o botellón e padeza actos vandálicos.

Tamén desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** dixo estar dacordo coa petición da moción. A maiores preguntou: *¿de quen é esa Praza de Europa?*, de quen é a responsabilidade do que poida suceder?

Estaba dacordo en que era una pena ver o estado actual das instalacións sen uso no medio da vila, unha praza grande que estaba deserta, na que habitualmente non hai ningún rapaz xogando nela, salvo ás veces os rapaces da parte de abaixo no columpios, pero dende logo ningún na parte de enriba.

Desde o grupo de goberno **D. Román Rodríguez González** dixo que o espazo público era céntrico, pero que se obtivo e saíu, non precisamente da nada, senón debido á xestión urbanística do grupo de goberno. Agora o tema era un asunto xudicial e non se pode facer uso da mesma ata que non se resolva. Reiterou isto mesmo e deu por finalizada a súa intervención.

De novo **D^a. Guadalupe Nóvoa Carballude** volveu a indicar que estaba dacordo agora en non facer nada ata resolver o tema xudicial; pero coidaba que o que se pedía era non celebrar actos puntuais, senón un uso permanente e duradeiro.

Preguntou **D. Manuel María González Aller**: *¿cando foi inaugurada dita praza? e ¿onde?*

Respondeu **D. Román Rodríguez González** afirmando que fora inaugurada hai tempo, e mesmo que houbo “pinchos”.

Finalmente **o Sr. Secretario** indicou que o asunto formaba parte dun proceso xudicial contencioso-administrativo agora en fase de recurso diante de varios tribunais. Había auto de suspensión de actividades e entendía que non se podían celebrar estas sen autorización

xudicial, caso por caso; por último afirmou que ata agora, todas as peticións viñeron denegadas.

Na moción pedíase que o Concello acometa a recuperación e a humanización do espazo libre que ocupa a Praza de Europa, seguindo os criterios e as propostas que se detallan na dita moción.

Sometida a moción a votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6) dos que tres (3) foron do BNG e tres (3) do PSdeG-PSOE.

Votos en contra: doce (12) foron do P.P.

Abstencións: ningunha.

En consecuencia **REXEITOUSE** a moción.

8.2- MOCIÓN DO BNG SOLICITANDO O ACONDICIONAMENTO INTEGRAL DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES.-

A Presidencia deu conta desta moción do BNG de data 15-05-2008, con nº de rexistro 2721 e entrada municipal do mesmo día, que conta co ditame favorable da Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas e Servizos Comunitarios do día 26 de maio de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Desde a formación nacionalista **D^a. Susana Rodríguez Cambón** defendeu a moción. Segundo ela non se facía nada neste tema a pesar de estar xa adoptado un acordo municipal ao respecto. Despois de estar aprobada a moción e remitida, non había resultados. Esta moción era repetida doutras anteriores e era un escándalo o estado actual da estación de autobuses.

Estaba tamén sorprendida de o grupo de goberno que tanto falaba de Lalín como un referente en todos os aspectos e tamén no turismo, non fixera nada e non vixiara estas instalacións que eran importantes para calquera vila.

Desde o grupo socialista, **D^a. Beatriz García Iglesias** recoñeceu que había deficiencias na estación de autobuses, como por exemplo sucedía co tema das informacións sobre os horarios, facía falta botar unha capa de pintura, o ascensor; pero coidaba que non era necesario acometer un arranxo integral tal e como se pedía na moción. Era excesivo o que se pedía e reclamou que o Concello tamén se dirixira á empresa concesionaria para solucionar estes problemas, ademais da Xunta de Galicia, algo que a moción ben puido contemplar.

Polo grupo de goberno, **D. Román Rodríguez González** afirmou que a moción estaba ben feita e dirixíase ao órgano competente neste caso, que era a Xunta de Galicia. Non procedía que o Concello de Lalín se dirixira á empresa concesionaria porque non era ninguén neste tema e porque carecía de competencias para elo, como pediu a edil socialista anterior. Nos últimos anos era certo que co uso continuo sufriu a estación de autobuses un deterioro importante.

De novo, **D^a. Susana Rodríguez Cambón** reiterou o xa dito e pediu aos edís que se pasasen por alí para ver como estaba. Afirmou que facía falta un arranxo completo ou

integral, e non parches. Por exemplo na pintura, no illamento, o pasamáns, o ascensor que non funcionaba, os baños de abaixo, e outros.

Tras negociar os tres voceiros sobre os términos “*arranxo integral*” do grupo nacionalista proponente e o de “*acondicionamento integral*” que propuña o grupo socialista, deuse por rematado este debate cun acordo final sobre o termo a empregar na parte dispositiva da moción.

Sometida a moción a votación ordinaria mediante o sistema de man alzada por **UNANIMIDADE** dos asistentes que foron doce do P.P, tres do grupo PSdeG-PSOE e tres do grupo BNG, **APROBOUSE** a moción coa emenda de todos os grupos acadada por consenso en base aos seguintes antecedentes:

A comezos dos noventa a Consellería de Ordenación do Territorio, dotou ao Concello de Lalín dunha estación de autobuses, na que desde a súa inauguración detectáronse problemas na súa construción que foron denunciados xa daquelas pola nosa organización política. A finais do pasado mandato, o BNG presentou no Pleno unha iniciativa para pedir solucionar eses problemas, iniciativa esta que foi aprobada, pero que a día de hoxe non se fixo nada por parte da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes que é a súa responsable, máis tampouco por parte do goberno municipal para xestionar dito amaño.

Despois de máis de quince anos o seu estado de mantemento e conservación deixa moito que desexar, pois o aspecto que ofrece aos viaxeiros que a empregan é dun alarmante abandono. Esta situación plásmase na súa falta de limpeza, carencia dunha iluminación axeitada, aseos públicos en malas condicións, o sistema de seguridade contraincendios roto, o ascensor fora de uso, humidades, carencia de información dos servizos e horarios, paredes necesitadas de limpeza e reposición de pintura, pasamáns oxidados, etc.

Sendo o punto de referencia de moitos cidadáns que visitan a nosa vila, o servizo que se ofrece non é acaído para o bo funcionamento da mesma e tampouco para a imaxe de pobo que ofrece.

Faise necesaria, polo tanto, unha urxente posta ao día que mellore integralmente todo o seu aspecto, para que deste xeito o noso Concello poida gozar dunha infraestrutura digna dos tempos e demandas dunha sociedade moderna, e sobre todo, porque en Lalín na práctica é o único transporte de viaxeiros que temos, debido ao desmantelamento que sofre a estación de tren de Botos.

O estado de conservación dos servizos públicos da cidadanía debe ir parello necesariamente a unha preocupación, control e seguimento constante do Goberno Local, feito este que brilla pola súa ausencia, xa que a súa apatía cotiá fai que se produzan estes problemas.

Por todo elo o Pleno do Concello de Lalín, **ACORDOU:**

Reclamar á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, Xunta de Galicia, o acondicionamento integral da Estación de Autobuses de Lalín.

8.3- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á REPOSICIÓN DO SUBMINISTRO DO SINAL DE TELEVISIÓN DIXITAL.-

A Presidencia deu conta desta moción do BNG de data 20-05-2008, con nº de rexistro 2784 e entrada municipal do mesmo día, que conta co ditame favorable da Comisión Informativa de Promoción Económica, Desenvolvemento Local e Novas Tecnoloxías do día 26 de maio de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Na rolda de voceiros, dende o BNG **D^a. Guadalupe Novoa Carballude** afirmou que neste tema víase que o progreso social e económico que ven dado polas tecnoloxías non chegaba a todas as zonas xeográficas. Logo de pagar máis, había canles dos que non se recibían os seus sinais. O subministro de sinais de televisión realizábase dende o monte Carrio e só víanse ben a cadea de TVE (a primeira) e a TVG e dende logo non se recibían e non se vían os sinais das televisións privadas. Por iso presentouse a moción, para reclamar que se vira ben a TDT.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** dixo que era un problema gravísimo o estado da actual rede dixital. A Secretaría Xeral de Comunicación, Xunta de Galicia non tiña competencias e elo dependía máis ben das televisións privadas, que o farían sempre que lles sexa rendible. En Galicia era certo que seguramente facían menos caso que noutros lugares. En todo caso a S.X.C. non pode ter a solución para todos os problemas. Poderá negociar e tiña competencias nas televisións autonómicas e nas locais pero só nestes ámbitos. Nas canles estatais estaban contratados os servizos coa empresa *Abertis*, como unha competencia estatal, e podía moverse, pero nas canles privadas de televisión non estaba obrigado a traballar porque carecía de competencias sobre elas.

Desde o grupo de goberno, **D. Nicolás Varela García** preguntouse entón se a S.X.C. carecía de competencias polo organismo competente nesta materia, porque alguén terá que ter as funcións, e a alguén haberá que dirixirse para elo. Por elo preguntou: *¿pedímolo a “Bruselas”?* Se era como dicía o voceiro socialista que a S.X.C non podía actuar porque non tiña competencias, a alguén habería que dirixirse para que abordara o problema e aportara solucións.

Sendo as 13, 22 horas abandonou definitivamente a sesión D. José Antonio González González quedando con once membros o grupo de goberno, con tres o grupo socialista e con tres a formación nacionalista e cun total de dezasete membros.

A continuación **D^a. Guadalupe N^ovoa Carballude** preguntouse *¿para que está entón a Secretaría Xeral de Comunicación?*

Algunha entidade ten que ter estas funcións e é a quen hai que reclamar, porque o que non pode ser é que teñamos que dirixirnos a empresas privadas para que nos fagan chegar os sinais privados.

Rematou o debate **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** por alusións. Indicou que a empresa Retegal estaba financiada en parte con cartos públicos e por elo tiña que ter competencias á hora de abordar este problema. Salientou que había un grupo de traballo creado na Fegamp e o Concello podía moverse neste sentido.

Sometida a moción a votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14), dos que doce (11) foron do P.P. e tres (3) do BNG.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: catro (4) das que tres (3) foron do PSdeG-PSOE e unha de D. José Antonio González González por imperativo do ROF.

En consecuencia **APROBOUSE** a moción en base ao seguinte:

Segundo os datos aportados pola Secretaría Xeral de Comunicación en novembro de 2007, respecto da cobertura actual da Televisión Dixital Terrestre, a porcentaxe de cobertura territorial no Concello de Lalín era do 73,11%.

Así mesmo, informouse que a Secretaría Xeral de Comunicación estaba a axudar a financiar os investimentos dos Concellos para mellorar a cobertura, e que a través de Retegal se esta a asumir o sobrecoste do mantemento da rede principal automática de difusión de Televisión Dixital Terrestre.

Mais a realidade actual é ben distinta, xa que o Concello de Lalín, que recibe o sinal desde a antena situada no Monte Carrio, está a sufrir un apagón na recepción de televisión dixital terrestre, facendo diminuír substancialmente a calidade do servizo de televisión para os veciños de Lalín.

No mes de marzo Retegal decidiu cortar este servizo, o que supón na práctica que todo aquel que non teña a antena dirixida ao sinal do monte Pedroso en Santiago, non pode ter acceso á TDT. Esta realidade sitúanos en que a gran maioría do noso territorio rural, así como a inmensa maioría dos veciños residentes no mesmo non poden acceder a este servizo.

Para o Concello de Lalín esta é unha situación moi preocupante, debido ao pouco tempo que queda para que se produza o apagón analóxico. Por iso entendemos fundamental a adopción de medidas por parte da Secretaría Xeral de Comunicación para resolver o problema de falta de recepción de sinal dixital.

Así mesmo, a día de hoxe, non só os problemas están ligados á dixital, senón que incluso en analóxico hai moitos lugares do noso Concello onde se percibe unha deficiente recepción, o que fai que nin tan sequera teñamos garantida a visión en condicións “das cadeas de televisión tradicional”.

Por todo o anteriormente exposto, o Concello Pleno **ACORDOU:**

Instar á Secretaría Xeral de Comunicación da Presidencia da Xunta de Galicia a que se subministre de novo desde o monte Carrio o sinal de TDT.

De seguido o Sr. Presidente preguntou se había algunha moción por vía de urxencia para se presentar a esta sesión. Presentáronse as seguintes:

9.- PROPOSICIÓN POR URXENCIA.-

9.1.- PROPOSICIÓN POR CARÁCTER DE URXENCIA DO GRUPO DE GOBERNO DO P.P. RELATIVA AO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO E O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E DO BENESTAR PARA A XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL DO PARQUE EMPRESARIAL LALÍN 2000.-

Sendo as 13,26 horas abandonou a sesión D^a. Susana Rodríguez Cambón, quedando o BNG con dous edís, once o P.P e tres do PSdeG-PSOE, e cun total de dezaseis asistentes.

Explicou a edil delegada de escolas infantís e igualdade **D^a. María Paz Pérez Asorey** a urxencia da moción. Despois pasouse á votación ordinaria a mesma, aprobándose por **UNANIMIDADE dos asistentes**, cun total de dezaseis (16) concelleiros, sendo once (11) do PP, tres (3) do PSdeG-PSOE e dous (2) do BNG.

En consecuencia **RATIFICOUSE A URXENCIA** e pasouse ao debate do asunto en cuestión.

A edil do grupo de goberno, **D^a. María Paz Pérez Asorey** subliñou a necesidade de contar con esta instalación en funcionamento para o próximo curso escolar 2008-2009 e integrar a escola infantil na rede galega de escolas infantís, Galescolas, cedendo o seu uso e a súa xestión ao Consorcio e precisando que o remate das obras de construción financiarase mediante achegas do Consorcio e do Concello.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** adiantou que o seu grupo estaba a favor do Convenio; pero afirmou de seguido que estaban en desacordo coas formas, é dicir coa tramitación deste expediente, porque este convenio era un modelo tipo que estaba preparado antes e que ben puido entregarse á oposición antes da sesión. Coidaba que era unha falta de respecto á oposición non darllo con tempo suficiente. En resume, si ao convenio, pero en desacordo coas formas.

Desde a formación nacionalista, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** felicitou á Sra. Concelleira Delegada deste área **D^a. María Paz Pérez Asorey** pola axilidade na tramitación deste expediente, e pediu co fin de que a galescola estea aberta no próximo curso, que se axilicen os trámites dende o Concello.

De seguido preguntou ao grupo de goberno sobre a recepción das obras e si eran precisos máis gastos dos xa realizados.

O edil delegado de facenda, **D. Manuel Gómez Estévez** explicou brevemente este aspecto.

De novo, **D^a. María Paz Pérez Asorey** afirmou que non existía ningún interese dende a súa concellería en ocultar nada deste expediente. Aclarou que a documentación se recibiu por correo electrónico ás 14:54 horas do luns, que houbo que revisar onte o borrador do convenio e que era preciso levalo ao Pleno deste mes para poder cumprir os prazos nos

procedementos e abrir a Galescola en setembro. Rematou agradecéndolle ao voceiro do BNG a súa postura.

Finalizou o debate, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada**. Tras dar as grazas ao Concello, agradeceulle outra vez á edil delegada que trouxera este tema ao pleno, se ben dixo que xa se deu a coñecer aos medios de comunicación este asunto, e dándolle as grazas por elo, “o aprecie ou non o aprecie a mesma”, afirmou.

Sometida a votación ordinaria mediante o sistema de man alzada o expediente, aprobouse por **UNANIMIDADE** dos asistentes, dezaseis concelleiros en total, dos que once foron do P.P., tres do PSdeG-PSOE e dous do BNG, coa abstención de D^a. Susana Rodríguez Cambón que se ausentou ao principio deste punto e por imperativo do ROF.

En consecuencia **APROBOUSE** a proposta que figura no expediente, tendo en conta que

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, iniciou a tramitación dun convenio de cooperación co Concello de Lalín para a xestión da galescola do Concello de Lalín sita no Parque Empresarial Lalín 2000, integrada na Rede Galega de Escolas Infantís-Galescolas, sendo preciso realizar as actuacións para contar coas instalacións e con persoal para a súa xestión, apertura e funcionamento no vindeiro mes de setembro.

Xa que logo o Pleno da Corporación **ACORDOU**:

Aprobar o convenio entre o Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar e o Concello da Lalín para a xestión da Galescola da Lalín integrada na Rede Galega de Escolas Infantís (Galescolas) que consta dun total de sete cláusulas e dun anexo, asumindo as obrigas e os compromisos que constan no mesmo, e facultando ao Sr. Alcalde para a sinatura do mesmo.

9.2.- PROPOSICIÓN CON CARÁCTER DE URXENCIA DO GRUPO DE GOBERNO RELATIVA Á ADHESIÓN AO PACTO TERRITORIAL DE EMPREGO DEZA-TABEIRÓS E Á ASOCIACIÓN IMPULSORA DESTA INICIATIVA.-

Deuse conta pola Presidencia desta proposta por urxencia de data 28 de maio de 2008 con nº de rexistro de entrada 2973.

A continuación a edil delegada de Comercio e Emprego **D^a. María Fe Cortizo Mato**, indicou que o motivo da urxencia estaba nos prazos improrrogables establecidos no calendario que figuraban como anexo á proposta, que había que cumprir e que non se podían variar nin adaptar a cada Concello. Esta era a causa de vir á presente sesión plenaria este expediente.

Sometida a votación ordinaria a man alzada a ratificación da urxencia, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14) dos que once foron do P.P. e tres do PSdeG-PSOE.

Votos en contra: ningún.
Abstencións: dúas (2) do BNG.

En consecuencia **RATIFICOUSE A URXENCIA** por máis da maioría absoluta do número de membros da corporacións art. 82.3 do ROF, e entrouse no debate do asunto en si.

De novo no uso da palabra **D^a. María Fe Cortizo Mato** indicou que urxía adoptar o acordo de aprobación deste pacto polo emprego para estar dentro desta asociación; recoñeceu que o método e o procedemento estaba forzado polo propio calendario a cumprir, e aínda podendo discutirse a viabilidade e a eficacia destas medidas, coidaba que había que sacalo adiante, lendo finalmente a parte dispositiva da moción.

Desde as filas socialistas **D. Manuel María González Aller** afirmou que estes pactos xa estaban anunciados dende hai quince días polo Sr. Conselleiro de Traballo, e polo tanto non era novo.

Afirmou que o seu grupo estaba en disposición favorable a abordar o problema laboral que había nesta zona, buscando as fórmulas posibles de reinserción, se fora posible, de xente que quedou sen traballo en Lalín e en toda a zona, ámbito que inclúe tamén ao de Tabeirós-Terras de Montes.

Polo grupo nacionalista **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** amosou algunhas dúbidas sobre este expediente. Dixo que leu a documentación sen tempo para estudala. Preguntou: *¿cal é o orzamento desta historia? ¿cal é a subvención que aporta a Xunta de Galicia para este asunto?* “A resposta é que non se sabe”, afirmou.

O art. 6 fala da independencia desta Asociación de calquera grupo político, pero na realidade *¿é que os concellos son independentes?*; en canto á duración desta asociación *¿é indefinida?* En realidade, resaltou, non se sabe nada de todo isto, hai moitos interrogantes e aspectos sen aclarar aínda, non se sabe moi ben no que imos meternos, e ignoramos cal é o papel dos Concellos diante desta asociación.

Sostivo **D^a. María Fe Cortizo Mato** que en principio estarán nesta asociación todos os axentes sociais e económicos locais, ademais dos Concellos, crearíase unha UPD.

Rematou o debate **D. Manuel María González Aller**. Salientou que o Sr. Alcalde e D^a. María Fe Cortizo Mato estiveron reunidos cos responsables da Consellería de Traballo uns días antes. Sabendo isto, *¿por qué non se lles entregou á oposición a documentación que había deste asunto antes da celebración desta sesión?*

Sometida a votación ordinaria a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14), dos que once foron do P.P. e tres do PSdeG-PSOE.
Votos en contra: ningún.
Abstencións: dúas (2) do BNG.

En consecuencia **APROBOUSE** a proposta en base ao seguinte:

A Consellería de Traballo está a levar adiante a creación de Pactos Territoriais de Emprego, abertos á participación dos concellos e dos axentes económicos e sociais nas políticas de emprego postas en marcha pola Xunta de Galicia.

A proposta deste departamento do Goberno galego está previsto a creación dun Pacto Territorial polo Emprego de Deza-Tabeirós, que terá como obxectivos xerais facilitar a participación nas políticas de emprego, servir como mecanismo de coordinación evitando duplicidades, facilitar a planificación das políticas de emprego, adaptar as políticas de emprego ás necesidades reais do territorio e mellorar a eficacia do sistema público de emprego.

Estes Pactos polo Emprego deberán abordar a elaboración do Plan de Emprego do Territorio, a análise e avaliación da evolución dos diferentes indicadores de emprego e informar das diferentes propostas de actuación relativas ás políticas activas de emprego que se desenvolvan no territorio de Deza e Tabeirós.

Así mesmo, porase en marcha unha Asociación de Impulso do Pacto Territorial polo Emprego de Deza-Tabeirós, destinada a achegar o nivel de intervención das administracións ao ámbito no cal se desenvolven as diferentes políticas de emprego, a creación de marcos de coordinación e intervención das diferentes administracións e axentes sociais implicados nas políticas de emprego e levar adiante unha xestión coordinada do conxunto dos recursos públicos que se destinan ao emprego nesa zona.

Esta asociación desenvolverá, entre outras, as seguintes actividades:

1. Investigar as oportunidades de desenvolvemento e emprego por medio dunha axeitada prospección e avaliación dos recursos dispoñibles e do uso de métodos e sistemas que permitan a planificación, coordinación e posta en práctica de accións e estratexias de políticas activas de emprego.
2. Facilitar información sobre emprego e desenvolvemento aos concellos, axentes económicos e sociais, axentes de emprego e desenvolvemento local.
3. Desenvolver estratexias e metodoloxías de apoio dirixidas á inserción laboral por conta allea, á creación de iniciativas empresariais e ao autoemprego das persoas desempregadas.
4. Impulsar a coordinación dos axentes de emprego e desenvolvemento local.
5. Calquera outra actividade de colaboración na implantación das políticas activas de emprego no territorio de Deza-Tabeirós.

Xa que logo o Pleno da Corporación de Lalín **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a adhesión do Concello de Lalín á **ASOCIACIÓN IMPULSORA DO PACTO TERRITORIAL DE EMPREGO DO DEZA-TABEIRÓS**, en particular:

- a) Aprobar os Estatutos da Asociación Impulsora do Pacto Territorial de Emprego de Deza-Tabeirós.
- b) Solicitar a adhesión do Concello de Lalín á Asociación Impulsora do Pacto Territorial de Emprego de Deza-Tabeirós.
- c) Designar ao Alcalde de Lalín, D. José Crespo Iglesias, como representante titular do Concello de Lalín na Asociación Impulsora do Pacto Territorial de Emprego Deza-Tabeirós, e á concelleira de Comercio e Emprego, D^a. María Fe Cortizo Mato, como representante suplente.

Segundo.- Aprobar a adhesión do Concello de Lalín ao **PACTO TERRITORIAL DE EMPREGO DO DEZA-TABEIRÓS**, e a estes efectos:

- a) Notificar ao Sr. Conselleiro de Traballo, D. Ricardo Jacinto Varela Sánchez, a adhesión do Concello de Lalín ao Pacto Territorial de Emprego de Deza-Tabeirós, segundo se reflicte no apartado 2º do artigo 4º do Decreto 98/2008, do 15 de maio, polo que se crean e regulan os órganos consultivos denominados pactos territoriais de emprego.
- b) Designar como vogal na Asemblea Xeral do Pacto Territorial de Emprego de Deza-Tabeirós en representación do Concello de Lalín ao seu Alcalde, D. José Crespo Iglesias e á concelleira de Comercio e Emprego, D^a. María Fe Cortizo Mato, como representante suplente, cumprindo co reflectido no apartado 1º C do artigo 5º do referido Decreto 98/2008.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

Presentados por escrito

PSdeG-PSOE.-

D^a. Marta Lázara Fontao.-

PREGUNTAS.- En relación ás concesións das licenzas de vados:

1.- ¿Para que se lles conceda a autorización municipal de vado aos propietarios dos edificios, estes están obrigados ao pintado do beirado (bordillo)?

O Sr. Presidente manifestou que contestaría por escrito.

2.- Si a resposta é afirmativa,

a) ¿Onde está recollida a obriga de cumprimento?

O Sr. Presidente manifestou que contestaría por escrito.

b) ¿É unha obriga de todos os cidadáns ou existen excepcións?

O Sr. Presidente manifestou que contestaría por escrito.

ROGO.-

1.- Que se dote dun punto de alumado público a zona da Balagosa, no entronque que hai arredor do nº 23, no lugar de Lodeirón, parroquia de Vilatuxe.

O Sr. Presidente quedou enterado.

D. Manuel María González Aller.-

1.- ROGO.- Que se tomen de inmediato as medidas necesarias para mellorar a seguridade cidadá e viaria do tramo da SG-V5 comprendido entre a rotonda do Rodo e a de García Sánchez (colocación de bandas rugosas ou calquera outro sistema de aviso que advirta do perigo que supón a pronunciada pendente).

O Sr. Presidente quedou enterado.

2.- ROGO.- Que se dote de traída de augas a todos os domicilios do lugar de Santomé na parroquia de Vilanova.

O Sr. Presidente quedou enterado.

D^a. Beatriz García Iglesias.-

1.- ROGO.- Que se tomen as medidas necesarias para o inmediato arranxo do camiño que comunica a Praza da Igrexa coa Avda. (no rogo consta rúa) Luís González Taboada, limpeza da maleza e recollida de lixo (xiringas, profilácticos, etc..)

O Sr. Presidente quedou enterado.

Formulados oralmente:

D. Manuel María González Aller.-

1.- ROGO.- Que se arranxe unha ponte e instalacións de madeira colocada no paseo do río Pontiñas, indicando que era penoso ver o seu estado, en concreto algunhas madeiras do mesmo e que o Concello debía manter en condicións de uso a mesma.

D. Camilo González Bodaño indicou que xa se puxo de novo a madeira de dita ponte.

2.- ROGO.- Pide que se controlen os vertedoiros incontrolados. Explicou que recentemente apareceu na TVG por boca dunha presentadora a existencia dun vertedoiro incontrolado aquí en Lalín con rodas usadas de vehículos e outros materiais, dando con elo unha imaxe penosa.

O Sr. Presidente quedou enterado.

3.- ROGO.- Pide que se controlen e se recollan os cans soltos. Indica que el profesionalmente atendeu estes días a unha persoa dunha unha mordedura que resultou agredida por un can dos que andan soltos polo Concello.

O Sr. Presidente quedou enterado.

D^a. Marta Lázara Fontao:

Indicou que non son propiamente rogos nin preguntas, pero quere que conste claramente na acta o seguinte:

- *Que está agradecida porque o Concello xa colgou en Internet estes días de atrás as actas das sesións plenarias, algo que se pedira dende hai tempo.*
- *Que tamén está agradecida de que por fin se pinte un paso de peóns na Avenida Xosé Cuiña e de que poida contarse con esta instalación en dita estrada para permitir así o paso de peóns en dita vía, algo que era factible.*

D. Camilo González Bodaño indica que el tamén tiña “*ganas de realizar estas obras*”; non obstante estaban as obras sen terminar, pintáronse o luns e proximamente por dentro da bionda xunto ao río continuaranse as obras, anunciou.

1.- ROGO.- Reclama que por parte de todos os edís haxa un pouco mais de respecto nas intervencións dos demais membros deste órgano.

D. Camilo González Bodaño textualmente dixo: “*pois paréceme ben*”.

2.- ROGO.- Pide que se instale no salón de plenos un sistema de megafonía. Lembra que hai tempo o Sr. Alcalde afirmou que se ía colocar un sistema de megáfonos propio da Deputación Provincial, pero o certo era que a día de hoxe non estaba nada instalado e non sabía se esperaban ao novo edificio do Concello ou a qué. En todo caso pide que se instale dita megafonía para o presente mandato corporativo 2007-2011.

O Sr. Presidente quedou enterado.

1.-PREGUNTA.- ¿Ten algún concelleiro do grupo de goberno relación cos responsables do Pazo de Bendoiro?

Manuel Gómez Estévez indicou que se recibiron invitacións na Secretaría da Alcaldía, para todas as mulleres para unha sesión de Spa e outros servizos que se prestan en dito lugar. Posteriormente aclara que tamén os recibiron os homes.

2.- ROGO.- Que se limpen as beirarrúas de residuos. En concreto aporta unha caixa con residuos fosilizados de cristal ou de pasta transparente, con restos segundo ela, de hai varios meses. Indicou que, se alguén quere comprobar a antigüidade que se lle faga a proba do “carbono 14”. Polo tanto reclamou a limpeza e ver no seu caso se a empresa concesionaria cumpre coas súas obrigas. Se non o fai, pediu que se lle esixa o cumprimento do contrato. Colocouno enriba da mesa do seu asento.

O Sr. Presidente quedou enterado.

BNG.

Formulou oralmente os seguintes:

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada:

PREGUNTA.- ¿Ten o Concello certeza de que houbo danos ocasionados no municipio de Lalín polas obras de construción do TAV?, ¿ten o Concello valorados estes danos? ¿non coida o Concello que leva moito tempo aguantando esta dinámica? ¿ten pensado o Concello facer algo ao respecto?

O Sr. Presidente manifestou que contestaría por escrito.

ROGO.- Que se realice un convenio co TV Deza, a televisión local de Lalín, para retransmitir as sesións plenarias. Deste xeito os veciños poderían escoitar e ver o que se debate neste órgano.

O Sr. Presidente quedou enterado.

ROGO.- ¿Que pasa co plan de tráfico?

O Sr. Presidente quedou enterado.

PREGUNTA.- ¿Sabe o Concello se hai algún traballador da área de urbanismo que teña vinculacións con empresas do sector da construción?

O Sr. Presidente manifestou que contestaría por escrito.

PREGUNTA.- Tendo en conta que a na sesión plenaria do día 24 de abril de 2008 o grupo de goberno votou contra unha moción do seu grupo na que se reclamaba arranxar o

paseo do río Pontiñas, ¿como é posible que o día 2 de maio e 2008 estean a limpar o mesmo?

O Sr. Presidente manifestou que contestaría por escrito.

D^a. Guadalupe Nóvoa Carballude:

ROGO.- Que se repoñen as fontes que hai nos parques infantís.

O Sr. Presidente quedou enterado.

PSdeG-PSOE

D. Manuel María González Aller:

ROGO.- Pide que se arranxe e se repoña unha farola que se atopa diante do edificio da súa casa, sita na Praza da Igrexa, que leva polo menos catro meses avariada e sen funcionar.

***D. Camilo González Bodaño** indica que se deu parte á compañía de seguros, que a rompeu un coche e que se estaba á espera da resposta de dita compañía.*

E non habendo outros asuntos que trataren, sendo as trece horas e cincuenta e sete minutos do día ó comezo sinalado, e no mesmo lugar onde comezou a sesión, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo isto dou fe pola miña condición de Secretario e fedatario público.

Vº e Prace